

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA 27 DE XANEIRO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos (incorporase máis tarde).
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Rodríguez Escudero, Cayetano

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras.

concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(2).-ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 25.11.2013 E EXTRAORDINARIA DO 19.12.2013).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 25 de novembro e extraordinaria do 19 de decembro de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1(3).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO INSTANDO A REALIZACIÓN DAS XESTIÓNS PRECISAS Ó OBXECTO DE QUE A CIDADE DE VIGO SEXA A SEDE DA WORLD FISHING EXHIBITION DO ANO 2016. EXPTE. 828/1101.

ANTECEDENTES.- Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional,

"A edición do 2015 da Feira Mundial da Pesca, World Fishing Exhibition, que cada seis anos se celebra na cidade de Vigo, cancelouse. Así o anunciou o pasado decembro o Comité Executivo responsábel da organización deste evento internacional desde hai 40 anos. A nova data do evento adiaríase ao ano 2016 pero en sedes distintas, sopésanse países situados en Asia.

As razóns esgrimidas para anular esta importante cita pesqueira, segundo transcendeu, débense fundamentalmente a problemas organizativos pero tamén de índole económica.

Esta Feira Mundial de Pesca ten unha grande importancia, chegou a congregarse máis de corenta máximos responsábeis ministeriais da Pesca a nivel mundial, o que se deu en denominar a conferencia internacional de Ministros de Pesca. Acudiron responsábeis da FAO, e outros moitos expertos en materia pesqueira, así como empresas do sector. É un punto de referencia mundial para todos os axentes implicados na industria da pesca e de grande interese para o sector naval.

Sen ir máis lonxe, na última Feira celebrada en Vigo no ano 2009 contou coa presenza de 800 empresas pertencentes a 51 países e contou coa presenza de máis de 70.000 visitantes.

Trátase dun evento que leva cinco décadas de traxectoria. A World Fishing Exhibition naceu en Londres, esa foi a súa sede ata que en 1973 se trasladou a Vigo. A partir de 1985 sempre se reuniu en Galiza, na cidade viguesa.

Perante esta nova, representantes do sector empresarial galego pediron un último esforzo para que non se dea por perdida a World Fishing Exhibition en Vigo en 2016. Hai que ter en conta o que este evento representa para a economía de Galiza onde o sector mar-industria ten un peso relevante. Non menos importante é a incidencia que ten no sector comercial e hostaleiro, ademais da importante proxección internacional que posúe. Cuestións todas que é preciso ter en conta, sobre todo cando se conta coas cifras de paro máis altas da UE.

Aínda que é unha Feira organizada desde a iniciativa privada, sempre contou coa colaboración das administracións públicas, neste caso o Goberno central e a Xunta. De feito, na última edición de 2009, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente encargouse de sufragar a denominada conferencia internacional de ministros de pesca, achegando máis de 800.000 euros.

Por todo o exposto, o pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno do Estado:

Levar a cabo as xestións e actuacións precisas, conxuntamente coas outras administracións implicadas - Xunta de Galiza e Concello de Vigo - para lograr acordos cos sectores económicos de Galiza, de maneira especial co Comité Executivo organizador da World Fishing Exhibition, para garantir que este evento

se poda realizar no ano 2016 na cidade de Vigo."

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(4).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO PREVISTOS NO TRLCSP E CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2013. EXPTE. 7257/540 (775/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 29 de outubro de 2013, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

I.- O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos

en bens correntes e servizos e cos investimentos.

II.- A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento.”

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

“4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de

cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais."

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

III.- O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio

(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

IV.- No caso do Concello de Vigo, e dado que a circular informativa da Intervención Xeral de data 6 de agosto de 2012 establece que os responsables que teñan ó seu cargo a sinatura dos documentos cobratorios, tales como facturas ou certificacións, disporán dun máximo de cinco días naturais a partir da data do rexistro, para conformar o documento e remitilo á Intervención para a súa fiscalización, o prazo de trinta días previsto na LCAP compútase, ós efectos de determinar o cumprimento dos prazos de pago establecidos na citada Lei, unha vez transcorridos cinco días dende a data de rexistro da factura ou certificación correspondente.

V.- En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2013 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.112
- Importe total: 18.470.226,02 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 807
- Importe total: 6.388.643,05 euros

Período medio de pago (PMP): 25,11 días

O "*Período medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 14,18 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operaciones: 171

- Importe total: 1.936.433,18 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operacións: 16
- Importe total: 685.001,24 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 22,24 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 21,51 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 3
- Importe total: 10.110,42 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 139,38 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

O que poño en coñecemento da Concellería delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 18 de novembro de 2013, quedou informada.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: O xoves pasado, no Pleno extraordinario para a modificación orzamentaria que vai permitir investir preto de seis millóns de euros na cidade, o Goberno informaba de que superábamos con creces o prazo de pago que establece a Lei de Morosidade. Diciamos que o Concello estaba facendo fronte as súas obrigas nun prazo medio de 27,5 días, catro días despois podemos sentir a satisfacción de informar que temos baixado o período medio de pago a 25,11 días durante o terceiro trimestre do ano 2013. Este Concello segue a ser un modelo no cumprimento das leis e o que é máis importante, un modelo de apoio á economía, porque señoras/es concelleiros, facer fronte aos pagamentos en tempo e forma e hoxe fundamental para o mantemento das empresas, é dicir, para manter a actividade e o emprego, se as administracións fan fronte ás súas obrigas de paga en prazo, as empresas non teñen que recorrer ao crédito, teñen liquidez e poden continuar coa súa actividade. Por isto, este Concello síntese tan satisfeito de ter unhas contas saneadas que permiten facer fronte a tódalas súas obrigas. Así durante o terceiro trimestre do ano 2013 no Concello de Vigo realizáronse 1.919 pagos, por un importe de preto de vinte e cinco millóns de euros, sendo o período medio de pago, de 25,11 días. Este prazo xunto co do segundo trimestre de 2013, constitúen os prazos máis baixos dende a entrada en vigor no ano 2010, da Normativa pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade e por suposto de toda a historia da Administración Local en Vigo. O valor da nosa xestión é aínda máis evidente se o comparamos cos períodos medios das outras administracións, non hai concello en España que poida dar as cifras que nós damos, hai que lembrar que a norma establece a obriga de abonar o prezo no prazo máximo de 30 días, dende que se acredite a conformidade co disposto no contrato. Convén destacar que hai informes de expertos prestixiosos que din que a administración no seu conxunto tarda en pagar as facturas emitidas 129 días, e que só o 32,6 dos traballadores por conta propia cobra as facturas que emiten as administracións públicas antes de 90 días, e o 17,1% tarda máis de seis meses en cobrar. Así o período medio de pago da administración central é de 39 días, 14 días máis que en Vigo. O da Xunta de Galicia 35 días, dez días mais que o noso Concello, e aínda máis, os datos do

pagamento medio do conxuntos das comunidades autónomas é de 140 días e o do conxuntos dos concellos de 118 días. Comprenderán que ante estes datos este Goberno afirme con rotundidade que non hai outra administración que xestione mellor que nós, é outra boa noticia para os vigueses/as, para as empresas e para os traballadores, que repito, como cobran por debaixo do que a propia lei propón e establece, teñen capacidade e liquidez para poder seguir mantendo a actividade económica e polo tanto e o máis importante, o emprego. Seguiremos nesta liña de facer fronte aos pagos medios das nosas obrigas por debaixo do que propón a Lei de morosidade porque isto beneficia ás viguesas/es, e ese é o noso obxectivo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Decía ben a tenente de alcalde a Sra. Silva, que a Lei de morosidade obriga a que administración abone as facturas dentro dos 30 días seguintes a súa presentación e se cando vostedes daban conta ao Pleno dos datos do segundo trimestre de 2013, nós recoñecíámoslle que habían mellorado respecto ao primeiro, para ser xustos hoxe, e dígo con todo o cariño, témoslle que tirar ben das orellas porque no terceiro trimestre de 2013 foron a peor, Sra. Silva máis do 42% das facturas pagáronse fora de prazo cun período medio de pago excedido de 14 días. Se o primeiro trimestre era o 53% das facturas as que se pagaban fora de prazo, o segundo trimestre melloraron ao 16% por iso felicitábalos e agora no terceiro trimestre durmíronse un pouco, bastante, porque máis do 42% páganse fora do prazo, por iso se no trimestre pasado lle dicía que progresaban adecuadamente agora téñolle que avisar, Sra. Silva que necesitan mellorar, ao final vai ser certa aquela frase do xornalista deportivo o Sr. José María García o de que “o alago debilita”.

O seu balance é que 807 facturas pagáronse fora de prazo por un importe de máis de 6,5 millóns de euros. E xa que presumen de superávit e de contas saneadas, non é moito pedir que ao menos os provedores do Concello cobren e cobren dentro do prazo legal, pero cobren todos dentro do prazo legal. Ademais, moito presumen pero ao final do trimestre quedaron sen pagar 16 facturas que xa se excederan de media 21 días de prazo legal, e hai tres operacións que levan de media máis de 140 días, dende a data de entrada no rexistro, e nin sequera se

tramitou o corresponde expediente. Comprobamos por tanto que continúan con eses “tics” improvisatorios característicos da súa mala xestión económica, seguen coa política do “faime isto que xa verei como cho pago”.

Aínda non temos a liquidación do Orzamento do 2013, pero lémbrolles que era certo que había máis de catro millóns de euros en facturas no caixón que afloraron con aquel Plan de pago a provedores do Goberno de España, e lémbrolles tamén que nunca deron explicacións sobre os máis de 80 millóns de euros que se gastaron dende 2008 sen ningún control fiscal.

Aínda non está dispoñible a liquidación do 2013 que xa analizaremos, pero por se lles falla a memoria, lémbrolles que na do 2012 dende Alcaldía fixéronse 175 contratos menores, eses que non chegan a 18.000 euros máis IVE e que coñece moi ben o Alcalde porque fanse sen ningún tipo de control, 175 contratos menores dende Alcaldía, nun ano. Lémbrolles que se gastaron case 17 millóns de euros sen control fiscal, dos que seis millóns destináronse a conceptos que nin sequera estaban contemplados no Orzamento, iso no ano 2012. Non é falso porque está na liquidación do 2012.

Polo tanto, un pouco máis de humildade, un pouco menos de mirarse ao espello para dicir “que guapos somos, que ben o facemos, somos os mellores de España, de Europa, o mellor do mundo, e isto é Hollywood”, porque non é Hollywood nin somos os mellores de España, nin do mundo, nin de Europa e un pouco máis de traballo serio, de xestionar, que é unha palabra que a vostedes non se lles da nada ben, adecuadamente os cartos dos vigueses.

SRA. SILVA REGO: Sr. Fidalgo, vostede falaba outro día de primarias e de candidato, agora xa entendo porque falaba diso, vostede está facendo méritos para ver se en Vigo alguén conta con vostedes xa que aínda non teñen candidato, nin sequera nada que se lle asemelle. Vostede está a ver se o Sr. Feijóo se fixa en vostede, e non lle importa para nada vir aquí a mentir cun descarado, Sr. Fidalgo, Sra. Iglesias, que debería poñerse colorado, eu non entendo como se pode vir aquí a facer este discurso. Vostede ademais de intentar ser candidato equivócanse de foro, estas afirmacións que fan téñenas que propoñer na Deputación de Pontevedra que incumpre a normativa de morosidade dunha

forma escandalosa, alí si que hai facturas e contratos como o do Pasarón onde se duplica a inversión prevista e que por certo, ten moi mala pinta.

Na Xunta de Galicia, que tamén incumpren totalmente a Lei de Morosidade, pagan en 35 días pero que ademais todo o mundo sabe que para que lle dean as contas, alí si que teñen facturas escondidas. Por certo, que a oposición ten reclamado en miles de ocasións e que a Conselleira de Facenda non entrega aínda que ten a obriga de facelo, pero vostede de que me está falando? Vostede equivócase de foro, está falando da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, ou tamén é probable que vostede este falando do concello de Madrid que tarda meses en pagar as súas facturas, por certo, concello que é o responsable de que as porcentaxes de débeda que teñen os concellos este por enriba do que debería estar, gobernado polo que é hoxe o Ministro de Xustiza e neste momento pola Sra. Botella.

Vostede equivócase de foro, as contas do Concello de Vigo a media de pago é a mellor de tódolos concellos de España, mire se é así que vostede non é capaz de dicirme mire, no Concello de A Coruña son mellor os datos, ou no de Santiago de Compostela, ou no Ferrol, ou no de Valladolid non é capaz porque é moito máis alto. Non hai nada peor que vir aquí a intentar falsear a realidade.

Logo vostede manipula os datos porque di: hai tres facturas, eu téñoille que dicir a tódolos vigueses que fala de 10.000 euros, irrisorio, temos pagado vinte e cinco millóns de euros, irrisorio, deixe de mentir, vostede ven aquí a mentir continuamente.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(5).- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR XERAL DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. PRORROGA DOS ORZAMENTOS 2013 A 2014. EXPTE. 102281/140 (816/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 26 de decembro de 2013, o Interventor xeral municipal emite o seguinte informe,

“ *Lexislación aplicable*

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda

Informe

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF), e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Ámbito subxectivo de aplicación

O Artigo 2 da LOEOeSF establece o ámbito de aplicación subxectivo da precitada norma:

- a) A Administración Central, que comprende o Estado e os organismos da Administración Central.
- b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.
- b) As Comunidades Autónomas.
- d) As Corporacións locais.

O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das Administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no número anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto no título I da LOEOeSF e ás normas que especificamente se refiran a éstas.

O artigo 4 incorpora o principio de sustentabilidade financeira. Con idempendencia do contido do artigo 4 e 7 da Lei Orgánica de estabilidade, o concepto de estabilidade ven definido nos artigos 32 a 36 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable.

O Artigo 11 da LOEOeSF e o art. 5 do RD 1463/2007, delimitan a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das Entidades Locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. En caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local, as entidades ás que se refire este apartado determinaranse polo Goberno.

O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996 .

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos nos que, conforme ao artigo 169.6 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do presente regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e,

se é o caso, as súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

Detallarse no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LO 2/2012) e no RD 1463/2007, determináronse os obxectivos de estabilidade para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2014-2016, sendo o obxectivo para os Entes Locais o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0 en cada anualidade do período.

En virtude do anterior, o Consello de Ministros, na súa reunión do día 28 de xuño de 2013, fixou os obxectivos que dan cumprimento á senda de redución do déficit prevista na Recomendación do ECOFIN do pasado 21 de xuño e así mesmo garanten o disposto na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

OBJECTIVO	ANOS		
	2014	2015	2016
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	4,00%	4,00%	3,90%
Débeda Pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Taxa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,50%	1,7%	1,90%

A primeira consecuencia é a necesidade de valoración do cumprimento do obxectivo de cumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento, e a segunda, é que o informe de valoración dese obxectivo lle corresponde ao Interventor Local.

A tal fin, elabórase o cálculo tendo en conta o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición.

Unidade Institucional

Da información dispoñible nesta Intervención Xeral forman parte da “Unidade Institucional” ou grupo de consolidación Concello de Vigo:

- Entidade Local, entidade matriz.
- Instituto Municipal dos Deportes.
- Parque das Ciencias Vigo Zoo.
- Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por conseguinte, todos os entes que conforman a “Unidade Institucional” ou grupo local Concello de Vigo, encádranse dentro da categoría que denominamos como “entes de non mercado”.

En consecuencia co precedente, procédese ao cálculo, tendo en conta que non procede a realización de ningún axuste. O devandito Manual, establece que a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non se verá afectada polos importes dos impostos cuxa recadación sexa incerta.

Os capítulos I, II e III rexistraranse tendo en conta o principio de caixa, é dicir, cando se recadan, polo tanto o axuste viría determinado pola diferenza entre o dereito recoñecido e o cobro, tanto de exercicio corrente como de pechados. Neste caso non afecta para nada, xa que non procedería axuste na aprobación do orzamento senón na liquidación.

Tampouco procede axuste algún nas entregas a conta no Fondo Complementario e nos impostos cedidos pola Administración Xeral do Estado, xa que os ingresos previstos son, tendo en conta a información manexada, os oficialmente notificados polo Ministerio de Facenda, procederá o axuste se fose o caso na liquidación do orzamento do ano 2013.

Non hai axustes pola desviación que se puidese producir entre os gastos financeiros devengados e non vencidos, xa que as dotacións fixéronse tendo en conta os contratos vixentes, facéndose a liquidación por trimestres naturais.

Non procede facer a análise da aplicación flexible do principio de estabilidade orzamentaria, xa que esta non está prevista para o período 2014-2016, onde se obriga a un equilibrio ou superávit.

En resumo, aos efectos do informe, tendo en conta que a fase na que se está avaliando o cumprimento do obxectivo de estabilidade é a correspondente á prorroga dos Orzamentos Xerais do Concello do ano 2013 para o ano 2014, o obxectivo é o equilibrio, isto é, “déficit cero”, computado en termos de capacidade de financiamento de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

A información e datos que se van a reflectir, está estruturada por capítulos de gasto e ingresos, tanto para a entidade Local como para os seus Organismos Autónomos.

A mesma estrutura aplícase aos estados consolidados.

En canto aos axustes que se aplican aos estados consolidados, tamén se amosa un cadro cos mesmos, detallando en cada caso, a contía que afecta a cada Organismo Autónomo e a Entidade Local.

Reflictese nun cadro único, o superávit ou déficit se fose o caso, tanto para as operacións non financeiras como para as financeiras, a información da Entidade Local e para cada un dos Organismos Autónomos, así mesmo, tamén se amosa o resultado dos

estados consolidados sen axustes de consolidación e por último, unha vez deducidos os axustes de consolidación, amósase o resultado dos estados consolidados cos axustes.

Tamén se incorpora un cadro resumo para a Entidade Local e os estados consolidados. Coa mesma información, se incorpora un cadro coa mesma estrutura para todos os organismos Autónomos.

Coa información e detalle que se recollen os datos neste informe, posibilita que se poida avaliar con obxectividade o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Entidade Matriz e estados consolidados

Empregos

Capítulo	Descrición	Aplicacións	
Operacións correntes			
		Entidade Local	Estados Consolidados
I	Gastos de persoal	58.911.357,92	66.866.480,22
II	Gastos correntes en bens e servizos	104.172.924,00	111.755.457,34
III	Gastos financeiros	1.241.308,00	1.241.338,00
IV	Transferencias correntes	36.423.292,48	23.463.392,62
Total gastos por operacións Correntes non financeiras		200.748.882,40	203.326.668,18
Operacións de capital			
VI	Investimentos reais	2.900.707,36	3.455.237,74
VII	Transferencias de capital	1.105.056,26	611.133,42
Total gastos por operacións de capital non financeiras		4.005.763,62	4.066.371,16
Total gastos por operacións non financeiras		204.754.646,02	207.393.039,34
VIII	Activos financeiros	601.000,00	680.040,48
IX	Pasivos financeiros	6.822.199,45	6822199,45
Total gastos por operacións de capital financeiras		7.423.199,45	7.502.239,93
Total Operacións de Capital		11.428.963,07	11.568.611,09
TOTAL XERAL GASTOS		212.177.845,47	214.895.279,27

Recursos

Capítulo	Descrición	Orixes	
Operacións correntes			
		Entidade Local	Estados

			Consolidados
I	Impostos Directos	101.703.710,00	101.703.710,00
II	Impostos Indirectos	6.749.060,00	6.749.060,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.051.477,40	39.317.858,03
IV	Transferencias correntes	70.165.126,75	68.543.920,24
V	Ingresos Patrimoniais	2.680.000,00	2.750.347,81
Total ingresos por operacións Correntes non financeiras		216.349.374,15	219.064.896,08
Operacións de capital			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
Total ingresos por operacións de capital non financeiras		,00	,00
Total ingresos por operacións non financeiras		216.349.374,15	219.064.896,08
VIII	Activos financeiros	600.000,00	679.040,48
IX	Pasivos financeiros		
Total ingresos por operacións de capital financeiras		600.000,00	679.040,48
Total Operacións de Capital		600.000,00	679.040,48
TOTAL XERAL INGRESOS		216.949.374,15	219.743.936,56

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados, a deducir

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.005.699,87	493.922,84	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.102.452,95	400.000,00
OA. IMD	29.164,52		5.468.738,92	75.000,00
OA. EMAO			1.290.326,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	14.686.930,38	493.922,84	14.686.930,38	493.922,84

Resumo entidade matriz e estados consolidados

Recursos e empregos	Entidade	Consolidados
Recursos non financeiros	216.349.374,15	219.064.896,08
Empregos non financeiros	-204.754.646,03	-207.393.039,34
Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro	11.594.728,12	11.671.856,74

Recursos financeiros	600.000,00	679.040,48
Empregos financeiros	-7.423.199,45	-7.502.239,93
Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro	-6.823.199,45	-6.823.199,45

Tanto a entidade matriz como os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenca entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento). En canto ás operacións financeiras, prodúcese unha amortización de pasivos financeiros maior ca concertación de pasivos que se fan no ano.

Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia M. de Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos
Recursos e empregos non financeiros								
I	-2.345.764,46		-3.671.798,74		-1.036.329,94		-901.229,16	
II	-5.587.645,32		-1.169.648,22		-264.008,44		-561.231,36	
III		2.560.940,00		1.377.440,63	,00		-30,00	328.000,00
IV	-29.164,52	5.468.762,92	-1.677.065,99	5.162.452,95	,00	1.290.326,36	-20.800,00	1.144.181,64
V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	33.465,00
VI	-75.000,00		-438.251,42		-18.922,84		-22.356,12	
VII	,00	75.000,00		400.000,00	,00	18.922,84	,00	
Rec./Emp.N.F	-8.037.574,30	8.114.702,92	-6.956.764,37	6.956.764,37	-1.319.261,22	1.319.261,22	-1.505.646,64	1.505.646,64
Capacidade (+)		77.128,62		,00		,00		,00
Necesidade (-)		,00		,00		,00		,00
Recursos e empregos financeiros								
VIII	-24.040,48	24.040,48	-25.000,00	25.000,00	-12.000,00	12.000,00	-18.000,00	18.000,00
Rec./Emp.F	-24.040,48	24.040,48	-25.000,00	25.000,00	-12.000,00	12.000,00	-18.000,00	18.000,00
Capacidade (+)	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00
Necesidade (-)	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00

Resumo Organismos Autónomos

Recursos e empregos N.F	IMD	XMU	EMAO	P.C.Vigo Zoo
-------------------------	------------	------------	-------------	---------------------

Recursos non financeiros	8.114.702,92	6.956.764,37	1.319.261,22	1.505.646,64
Empregos non financeiros	-8.037.574,30	-6.956.764,37	-1.319.261,22	-1.505.646,64
Capacidade de financiamento (+), Saldo financeiro	77.128,62	,00	,00	,00
Recursos financeiros	24.040,48	25.000,00	12.000,00	18.000,00
Empregos financeiros	-24.040,48	-25.000,00	-12.000,00	-18.000,00
Necesidade de financiamento (-), Saldo non financeiro	,00	,00	,00	,00

Os organismos que dependen da entidade local están en equilibrio.

No cadro seguinte móstrase conxuntamente a entidade local e os seus organismo autónomos así como os estados consolidados. Todos os entes que conforman o sector público local, están en equilibrio ou en superávit.

Cadro resumo de capacidades e necesidades de financiamento

Organismo	Gastos		Ingresos		Capacidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
Entidade Local	204.754.646,03	7.423.199,45	216.349.374,15	600.000,00	11.594.728,12	-6.823.199,45
OA. X.M.U.	6.956.764,37	25.000,00	6.956.764,37	25.000,00	,00	,00
OA. IMD	8.037.574,30	24.040,48	8.114.702,92	24.040,48	77.128,62	,00
OA. EMAO	1.319.261,22	12.000,00	1.319.261,22	12.000,00	,00	,00
OA. VIGO ZOO	1.505.646,64	18.000,00	1.505.646,64	18.000,00	,00	,00
E. Consolidados/s.axuste	222.573.892,56	7.502.239,93	234.245.749,30	679.040,48	11.671.856,74	-6.823.199,45
Axustes de consolidación	-15.180.853,22	,00	-15.180.853,22	,00		
E. Consolidados/c.axuste	207.393.039,34	7.502.239,93	219.064.896,08	679.040,48	11.671.856,74	-6.823.199,45

A vista dos datos que conforman o Orzamento prorrogado da entidade matriz, os estados consolidados, os Organismos Autónomos Administrativos, e en resumo, a unidade institucional, dáse cumprimento aos requirimentos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF) e do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, sendo o sumatorio dos capítulos I a VII do estado de ingresos igual ou superior que a suma dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo tanto os orzamentos están en equilibrio ou en superávit, existindo capacidades (+) de financiamento.

O presente informe debe ser posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta da Galicia, por corresponder á Comunidade Autónoma, conforme ao establecido no artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o coñecemento polo Pleno da Corporación do presente informe.

De tramitarse e aprobarse outro orzamento para o ano 2014, procederáse a informar sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade no proxecto que se presente ao Pleno da Corporación.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Moi brevemente Sr. Presidente desta Corporación porque é un informe do Interventor, estou segura de que non o cuestionará ninguén, pero da oposición do Partido Popular pódese esperar calquera cousa, incluso que cuestionen os informes técnicos.

Traemos a este Pleno o informe do Interventor relativo ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, as conclusións deste informe son claras e contundentes, di literalmente “os orzamentos están en equilibrio ou superávit”, repito di taxativamente “os orzamentos están en equilibrio ou superávit”. Esta é unha nova mostra do rigor, cumprimento das normas, saneamento das contas do Concello de Vigo e bo uso dos recursos que se fan por parte do Goberno Municipal. Non nos cansaremos de repetir a importancia de cumprir cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, os cidadáns teñen que saber que ter unhas contas saneadas nas administracións públicas é fundamental cara as políticas que se poden implementar de cara a dar cumprimento e resposta as súas demandas e necesidades. Os cidadáns teñen que saber que se non se xestionan ben as contas, éntrase en déficit e isto ten consecuencias moi negativas para a súa vida. Entrar en déficit obriga de forma case automática a aprobar plans de axuste que levaría ter que reducir gastos, con menos prestacións, menos subvencións, menor calidade nos servizos que se prestan, menor volume de investimentos, menor capacidade para creación de emprego o que prexudicaría aos intereses dos cidadáns, e levaría tamén a aumentar os

ingresos cunha maior presión fiscal, aumentando as taxas, os impostos e os prezos públicos polos servizos que se prestan. Por iso é un obxectivo de primeira magnitude dar cumprimento aos requirimentos dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Son moitos os concellos que se atopan en situación de déficit, a maioría deles gobernados polo Partido Popular e que se viron obrigados a reducir as políticas sociais e de emprego tan necesarias nestes duros tempos de desemprego e recortes de dereitos que leva a cabo tamén o Partido Popular. Son moitos os concellos que se viron obrigados a aumentar a carga fiscal dos cidadáns obrigándolles a ter que aportar máis cartos ás entidades locais pola mala xestión do seus representantes, é o caso de moitos municipios gobernados polo Partido Popular, o que supón en moitos casos unha cargainsufrible para as debilitadas economías familiares produto das políticas económicas do Partido Popular.

Por iso, nós queremos que as viguesas/es saiban que poden estar tranquilos, que este Concello ten capacidade para seguir facendo fronte a tódalas súas demandas e necesidades. Iso permítenos que non haxa nin un só requirimento das nosas veciñas/os que non sexa cumprimentado polo Goberno, iso permítenos aumentar o financiamento de tódalas políticas que dan garantías de dignidade de vida á cidadanía e dedicar o superávit a investimentos que melloran a súa vida.

De novo hoxe, queremos dicir alto e claro que a boa xestión económica deste Goberno permite que podamos facer as políticas que necesitan as persoas, queremos que as viguesas/es o saiban, o mellor tratamento económico que nunca tivo este Concello. Por certo, concelleira de economía e facenda, quero felicitarte publicamente, a túa xestión é extraordinaria.

SRA. VELOSO RÍOS: Impresionante, realmente estamos impresionados porque hoxe estamos aquí falando dun punto no que parece que o que se está traendo a este Pleno é xusto todo o contrario dunha boa xestión, é a prórroga duns orzamentos, o que tiñamos que estar aprobando neste Pleno son uns orzamentos novos para 2014. Neste Concello non temos orzamentos para o 2014, estamos prorrogando os Orzamentos de 2013, esa é a realidade, podemos vestilo como queiramos pero dende logo nós boa xestión non entendemos que sexa. Xa sei

que van repetir, que traerán os orzamentos a debate a este Pleno cando o Goberno o considere oportuno, e que xa era oportuno hai meses, que tiñamos que ter uns orzamentos para contar con eles dende o 1 de xaneiro, hai meses que era oportuno traer a debate a este Pleno uns Orzamentos para 2014, igual que hai meses que era oportuno traer a debate a este Pleno as Ordenanzas fiscais e tampouco se trouxeron, isto non é boa xestión.

Fala vostede de superávit, e efectivamente estamos vendo como neste Concello, xa no exercicio pasado, se fixeron modificacións orzamentarias para amortizar débeda, para subvencionar billetes de avión, e ao mesmo tempo hai persoas nesta cidade, e non sei como se atreve a dicir que hai cidadáns e cidadás que fan requirimentos a este Concello e todos son atendidos, porque non é certo, porque cada día entran neste Concello persoas a pedir axuda porque non teñen que comer e non reciben axuda. Ao mesmo tempo que se subvencionan billetes de avión, non se queren subvencionar billetes de autobús, ao mesmo tempo que se amortiza débeda para darlles os cartos aos bancos, non se dan os cartos do Plan Social contra a crise para persoas que non teñen recursos, ao mesmo tempo que se queren vender pisos hai persoas que están na rúa cos seus fillos/as porque non poden facer fronte ao pago dos alugueres ou a da súa hipoteca. Esa é a realidade desta cidade, e creo que é moi pouco produtivo para os vigueses/as que nesta situación o Goberno Local se dedique á autocompracencia, non faga nin un mínimo de autocrítica e non faga o esforzo de presentar dunha vez un proxecto de Orzamento para 2014.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Brevemente dicía a Sra. Silva que si o Partido Popular non tería nada que dicir a un informe do Interventor, tampouco o punto anterior da orde do día era un informe do Tesoureiro e supoño que ten o mesmo rigor que o do Interventor, non hai mellores profesionais nesta casa uns que outros, todos son excelentes profesionais, os funcionarios desta casa.

Dicíamos o xoves pasado cando trouxeron a Pleno o Plan de Inversións con cargo ao superávit de 2012, dicíalles que o Partido Popular impulsara unha serie de reformas dende o Goberno de España para un mellor e máis eficiente funcionamento da administración local, e referíame por exemplo á Lei de

Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, a estabilidade orzamentaria que ten que ver co déficit público e a sostibilidade financeira que ten que ver coa débeda, estábamos falando de estabilidade e sostibilidade, pero xa o di o Interventor na seu informe, di: “tendo en conta que o que se está avaliando é a prorroga dos Orzamentos de 2013”, se se cumpría o obxectivo de estabilidade no 2013, cúmprese no Orzamento prorrogado, continúa dicindo, “de tramitarse e aprobarse outro Orzamento para o ano 2014, procederase a informar sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade á Corporación”, aí esta a contradición porque estamos falando de estabilidade e de orzamento, e Vigo por desgracia, non ten nin unha cousa nin a outra, non ten nin estabilidade nin ten Orzamento. Non hai estabilidade porque goberna un señor que non gañou as eleccións e que está en minoría, quen gañou as eleccións foi o Partido Popular, está en minoría porque os que os acompañaba no goberno, os seus socios naturais, como lle gustar chamalos ao Alcalde, decidiron pasarse á oposición. Non hai Orzamento porque o Alcalde non ten unha idea clara do que quere facer, e porque só conta con 11 votos de 27, debe estar esperando a ter 3 máis para traer o Orzamento, estamos falando de estabilidade e de orzamento e aquí non hai nin estabilidade nin orzamento porque están en minoría.

Non nos imos cansar de insistir en que Vigo necesita un Orzamento novo para o 2014, e o que está vostede facendo Sr. Alcalde a parte de saltarse a lei non é serio, non se pode ir improvisando e gobernando a cidade a base de modificacións de crédito sobre o ano pasado. O que aprobaron o xoves pasado cos nosos votos non é máis que un parche, e a súa principal obriga é a de elaborar e acordar un Orzamento.

O Partido Popular de Vigo, como principal partido da cidade, por responsabilidade iniciou unha campaña cidadá para recoller suxestións e posibles iniciativas a incluír no Orzamento Municipal, créanme que estamos atendendo a veciños e a colectivos que recibiron con moito intereses esta iniciativa do Partido Popular de Vigo. Atendemos dende a nosa oficina no andar oitavo, dende o noso email, presupuestos2014@ppdevigo.com, tivemos que utilizar esta vía ante a obstinación do Partido Socialista e do Alcalde de non render contas á cidade.

En poucos días rematará o prazo dun mes que este Pleno aprobou para que

trouxeran un proxecto de orzamento, ofrecémoslle a nosa disposición a establecer un diálogo construtivo, que máis quere Sr. Alcalde, como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, impresionante. Sra. Silva, non estou na carreira por ser candidato á Alcaldía, son moi leal ao meu partido e ao meu Presidente o Sr. Figueroa que está facendo unha excelente labor como voceiro e presidente local do Partido Popular, estamos todos unidos.

SRA. SILVA REGO: Hoxe ten vostede un día simpático, Sr. Fidalgo, é certo que vostedes están moi desunidos, fíxense se están desunidos que hai unha delegada da Xunta de Galicia que é tan desleal que vai a FITUR para ver se consegue algunha foto e así pode ter máis oportunidades para ser candidata de Vigo e vai por tódolos medios de comunicación presentándose como tal, teñen vostedes un lio moi gordo, pero iso non é de interese.

Sra. Veloso, ten vostede razón é impresionante a súa intervención de hoxe neste Pleno, é impresionante. Vostedes quero lembrarllas e ao Partido Popular tamén, que a Sra. Porro fixo só un orzamento tódolos demais prorrogados, naquel momento non facía falla aprobar orzamentos, as críticas do Bloque Nacionalista Galego eran case nulas, por certo acordaban moitas cousas graves para esta cidade.

Sr. Domínguez sempre seguín a política local moi preto, e vostedes case non facían críticas acordaban moitas cousas, chega un momento no que un xa se farta de escoitar estas cousas. Sra. Veloso eu quero preguntarlle, en Pontevedra non hai persoas na rúa? Ten o Concello de Pontevedra gobernado por un Alcalde do Bloque Nacionalista Galego políticas de vivenda como estas? Ten quitado proxectos para darlles aos desafiuzados hipotecarios vivendas? Si Sra. Veloso, non é certo, sabe a diferenza entre vostede e nós? Que nós en Pontevedra somos leais e aprobamos os Orzamentos do Alcalde gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, vaia facéndose con esa palabra, lealdade, lealdade cos cidadáns/ás de Vigo porque as políticas que está desenvolvendo este Goberno Local son un exemplo e non son superadas por ningún goberno do Bloque Nacionalista Galego en ningún lugar.

Sr. Fidalgo, presentaremos o Orzamento cando o consideremos oportuno, cando

sexa bo para os intereses da cidadanía e non cando vostede demande porque o que diga vostede non é o importante, o importante son as viguesas/es, e haberá Orzamento, xa está ben de demagogia.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 20.01.2014, quedou informada.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(6).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RETIRAR A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA QUE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE SOBRE SAÚDE SEXUAL, REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO. EXPTE. 818/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de

xaneiro de 2014, número 818/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, formula a seguinte moción:

"A Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigas dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantida pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer as mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu a substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada dende o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trintena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar as mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conxecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprívese o dereito das mulleres a interromper o seu embarazo nas primeiras catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprívese, tamén polo tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que xustificara a interrupción do

embarazo dende os anos oitenta do século pasado.

Esta norma non só supoñerá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como un excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara a atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións máis avanzadas, máis seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexeitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivou a aparición de declaracións de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só obtivo a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- O Concello de Vigo insta ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Señoras concelleiras, señores concelleiros o Grupo Socialista quere mostrar o seu total rexeitamento a unha das máis terribles decisións políticas do Goberno do Sr. Rajoy, o intento de aprobar a noxenta lei que pretende revisar a norma sobre saúde sexual, reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo. O autor intelectual desta Lei, o Sr. Rajoy deu orde ao Ministro de Xustiza de elaborar unha lei que pretende tratar ás mulleres como incapaces, restrinxir a súa liberdade e recortar os seus dereitos, o que pretende a

ultra dereita do noso país e derrogar unha lexislación que no ano 2012 equiparounos á maioría dos países da Unión Europea e que recoñeceu que as mulleres temos dereito a elixir sobre a nosa maternidade, escoiten ben, a decidir, a elixir.

Hoxe centos de miles de mulleres temos que alzar de novo a nosa voz contra unha dereita que sempre quixo mulleres controladas e sen capacidades para decidir, aquela muller da que falaba o Sr. Aznar. Unha dereita que pretende impoñer a súa obsoleta moralidade ao conxunto da sociedade, o Partido Popular pretende aprobar unha lei que é cualificada nos medios de comunicación de Europa e Estados Unidos como un abuso de poder, un retroceso democrático incualificable, aseguran que con esta lei en España restrínxese a liberdade e retírase o aborto seguro. Unha Lei que é duramente cuestionada por tódolos gobernos democráticos de Europa, polo Parlamento Europeo e polos dirixentes da Unión Europea, por tódolos partidos políticos do arco parlamentario español, polas asociacións de psiquiatras, polas asociacións de médicos e xuristas, por intelectuais, escritores e homes e mulleres da cultura, pola ONCE, polo Cermi, polas redes cristiás de base, por tódolos colectivos de defensa de dereitos das mulleres, incluso por moitos dirixentes do Partido Popular.

Resulta alarmante que o goberno do Sr. Rajoy se atreva a propoñer leis sobre dereitos civís que dan un enorme salto cara atrás, que recortan os dereitos acadados polas mulleres e o conxunto da sociedade dende hai xa moitos anos. O fai a mesma dereita que votou en contra da lei de 1985, a mesma que se opuxo no ano 2010 á lexislación en vigor, pero España ten cambiado moito e as mulleres e o conxunto da sociedade non lles imos consentir que nos arrebaten a liberdade. Dicía o outro día a Sra. Valenciano que deixar de ser libre cando unha o foi, é case insoportable, e as mulleres españolas somos moi sensibles ao ruído das cadeas, non imos consentir que nos volvan a encadear. Así que, se poña como se poña o Partido Popular non vai lograr que este país admita recortes que nos detraen no túnel do tempo a antes dos anos 80 do século pasado.

Esta lei que pretenden aprobar, considera que as mulleres son seres inferiores, que necesitan de asesoramento, acompañamento, informes, contrainformes, adoutrinamento, teñen deseñado unha lei que é unha carreira de obstáculos para

unhas mulleres as que se lle retira a capacidade de obrar, saben cal vai ser o resultado desta truculenta lei? Que en España será practicamente imposible abortar legalmente, o 92% das mulleres que hoxe abortan terán que facelo de forma clandestina ou fora de España, fora que as que teñan recursos e de forma clandestina as que non os teñan, como pasaba antes de iniciarse a democracia no noso país, grave.

É unha lei innecesaria que dinamita unha lexislación recente de 2010, aprobada por seis grupos no Parlamento español, non polo Partido Popular que nunca ten apoiado unha soa lei que supuxera un avance para as mulleres. Esiximos que se respecte ás mulleres, somos adultas, maduras, intelixentes, libres, non necesitamos, non queremos, non aceptamos, nos opoñemos a que se impoña a súa ideoloxía de ultra dereita, que se retire xa esta lei cruel e que vai contra os nosos dereitos, non o imos consentir.

SRA. VELOSO RÍOS: No Bloque Nacionalista Galego estamos absolutamente en contra dun anteproxecto de lei como o que propón o Goberno do Partido Popular, que por outra banda se corresponde perfectamente e totalmente coherente coa política que ven desenvolvendo o Partido Popular no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta de Galicia, de ataque contra os dereitos das mulleres e de retroceso en todo o que ten que ver cos dereitos das mulleres a decidir sobre a súa propia vida e sobre a súa sexualidade.

O Goberno do Partido Popular está intentando con este borrador retroceder polo menos unha década, pero ademais é que o propio Partido Popular toma como referencia leis de hai 30 anos, pretendendo que iso sexa unha forma de conseguir un consenso, cando realmente e hai que recoñecer que a moitas persoas nos sorprende, o que hai é practicamente un consenso na sociedade española, por parte de persoas votantes de tódolos partidos políticos, en que este anteproxecto de lei é unha atrocidade, porque chega a vulnerar dereitos básicos de calquera persoa atendendo a situacións como é, un dos supostos máis comentados como é o caso aborto en situación de malformación que chega á auténtica crueldade, absoluta crueldade. Utilizan premisas falsas para facer referencia á necesidade de cambiar a lei actual e mentiras como dicir que o

número de abortos aumenta, cando o propio Ministerio de Sanidade do Goberno do Partido Popular saca os datos que demostran que o número de abortos non aumenta coa lei actual senón ao contraio que diminúe. Pero ademais é que menten dicindo que o que queren é apoiar a maternidade, cando realmente o único que están apoiando é o embarazo, e unha vez que chega o momento do parto, xa no momento do parto e logo despois, desenténdense absolutamente das persoas xa nacidas, só lle preocupan as persoas non nacidas, pero despois cada quen ten asumir a responsabilidade de criar un fillo/a co abandono total por parte das administracións, que no caso do Partido Popular, non prestan ningún tipo de apoio, nin educativo, nin sanitario, nin a discapacidade, nin nada que se lle pareza.

Pero isto, insisto, correspóndese cunha política que xa está levando o Partido Popular na Xunta de Galicia dende que chegou a ela, na Xunta de Galicia temos xa unha lei dende o 2010 que fixo que unha asociación como a “Red Madre” estea integrada dentro do Servizo Galego de Saúde e que faga precisamente ese traballo que agora se concreta neste anteproxecto de lei que se presenta por parte do Goberno do Estado. Este traballo de convencer ás mulleres de non abortar, este traballo de mentir ademais sobre a situación das mulleres que toman a decisión de abortar, sobre as súas consecuencias, sobre o propio proceso de intentar saltarse a Lei de 2010, sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción do embarazo, porque neste país xa hai moitas dificultades para que se cumpra esa lei.

Por iso, nós presentamos a esta moción que presenta o Partido Socialista unha emenda para engadir unha serie de puntos, esperemos que non se aprobe ese anteproxecto de Lei do aborto, porque aínda que non se aprobe no noso país xa existen series dificultades para as mulleres que queren tomala decisión de abortar. Por iso propoñemos ademais de instar ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Xustiza a manter e aplicar a Lei do 2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do Embarazo, tamén queremos instar á Xunta de Galicia a por en marcha as medidas necesarias para garantir que en tódalas áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos, atendan as demandas de interrupción voluntaria de embarazo, a garantir que a información que reciben as

mulleres sexa obxectiva e que se eliminen as referencias á Red Madre, a por en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos e a unha campaña institucional de difusión da Lei do 2010.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: En Vigo Sra. Silva, se chove que chova, trae aquí unha moción que non ten nin pes nin cabeza que teñamos este debate neste Pleno deste Concello, non ten nin pes nin cabeza, fannos perder o tempo que poderíamos dedicarlle por exemplo, a falar de que no Auditorio desta cidade gastáronse noventa millóns de euros e tiña que estar cheo de luz e cor e do que está cheo é, dentro de pouco, de ratas, unha zona fría e escura. Tiñamos que estar falando de que imos camiñando pola rúa e temos que ter coidado porque se pode converter isto nun campo de minas porque as canalizacións desta cidade están na situación na que están. Ademais pagamos por unha auga que non consumimos a prezo de champan francés.

Non vou seguir, sigo despois porque sorpréndenos enormemente que veña a debater non sabemos moi ben que fan, cal é o seu traballado como deputada nacional en Madrid, dígollo de verdade porque é alí onde teñen que defender ás mulleres, en tódolos lugares onde cada un ten representación e onde se pode traballar para que isto se enriqueza, para que sexa un anteproxecto de lei que se enriqueza, porque aínda está a debate, non é unha lei pechada senón que vai tardar entres sete e nove meses de debate e de diálogo, de escoitar aos cidadáns. Non sabe vostede Sra. Silva que o traballo comezou, que está enriba da mesa, aínda ten que emitir o informe o Consello do Estado, aínda o Centro Económico e Social ten emitir os seus informes, os diferentes colexios profesionais tamén van opinar sobre este anteproxecto de lei e van enriquecer este anteproxecto de lei para que ao final o mes de xullo ou setembro poda haber unha lei de consenso que é o que o Partido Popular quere, unha lei de consenso, non como o que vostedes aprobaron no ano 2010 que foi por imperativo legal do Sr. Zapatero.

Ademais ten que ir ao Concello de Ministros, ao Congreso dos Deputados, ao Senado, hai comparecencias da sociedade civil, cada representante político ten a oportunidade de propoñer a cinco organizacións sociais, feministas, nas que

expoñan as súas ponencias e que se aporte a este anteproxecto de lei para que poida chegar a haber unha lei orgánica onde pode haber unha representación de todos e de todas. O trámite non é Vigo, Vigo ten outros quefaceres agora mesmo. Ademais disto ten que pasar por aprobación parlamentaria, haberá emendas, seguramente á totalidade e á parcialidade, vostedes propoñerán, probablemente o Bloque Nacionalista Galego teña algo que dicir, ese é o seu traballo, ir a Madrid, traballar alí a temática que lle ocupa alí e en Vigo, o que ten que facer en Vigo, porque aquí non temos capacidade de acción, aquí non hai ningún erudito nin experto que poida aportar agora mesmo para que haxa unha modificación, un enriquecemento deste anteproxecto de lei e que poida haber unha lei de consenso como propoñemos dende o Partido Popular na nosa emenda de substitución.

O que propoñemos é instar ao Goberno Central a mellorar o anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada procurando chegar ao máximo ao consenso. Eu dígolle por favor que se centre no traballo da nosa cidade, que eliminaron acontecementos moi importantes, que Vigo necesita estar outra vez no lugar no que estaba, e o que non poden facer é facernos perder o tempo cun traballo, un esforzo que en Vigo non temos capacidade para que isto se leve a bo fin.

SRA. SILVA REGO: Señora do Partido Popular, nunca crin que tería que dicirlle a unha muller que me avergoña, sinto verdadeira vergoña allea ante unha intervención que vai totalmente en contra dos dereitos das mulleres que somos máis do 50% da poboación, como pode vostede dicir que esta lei non afecta ás mulleres de Vigo? Non nos afectan os recortes de dereitos, ás mulleres de Vigo non temos que facer fronte a situacións terribles, non nos afecta isto. Vostede e tamén algúns voceiros externos seus, por certo recoñecidos pola súa traxectoria misoxinia, xa dixeron isto nos últimos días eu xa lin isto nos últimos días de que non había que traer ao Pleno Municipal debates de leis que se aproban no Estado Español, paréceme vergonzoso. Así que Sra. García Míguez, vostede estame a dicir que cando se toman decisións en Madrid que recortan os dereitos das persoas non lle importa ás viguesas/es, vostede estame a dicir que unha lei como

esta, que é autoritaria, antiga, que nos separa de Europa, que restrinxe os dereitos das mulleres, non afecta ás mulleres de Vigo? Pero como se atreve vostede? Hoxe, esta é a iniciativa máis importante que estamos a debater neste Pleno, porque é unha iniciativa sobre dereitos, pero vostede, que é unha fiel representante da ultra dereita de Vigo, a súa intervención é de ultradereita, os dereitos das persoas lles importan pouco, moi pouco. Se isto non fora tan serio eu lle diría que si, que en Vigo se chove que chova, porque a vostedes si que lles gusta perder o tempo por exemplo, presentando mocións para erradicar os problemas das palmeiras. Non lle tomen o pelo aos cidadáns, vostede ten un descaro, unha falla de respecto ás mulleres de Vigo que é intolerable a súa intervención, as súas intervencións sobre os dereitos das mulleres son sempre intolerables, non imos aceptar a súa emenda, acepto ao do Bloque Nacionalista Galego, vergoña debería sentir.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de engádeda,

Engadir os seguintes puntos:

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
3. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
4. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.
5. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e

información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

6. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Silva Rego, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade quedando aprobada a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de

Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, engadindo os puntos da emenda presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, resultando o seguinte texto:

1.- O Concello de Vigo insta ao Goberno de España a retirar inmediatamente e non continuar a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

3.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

4.- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

5.- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

6.- O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

5.2(7).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A SUPRESIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA E FINAL TERCEIRA DO REAL DECRETO-LEI, DO 20 DE DECEMBRO, POLO QUE SE ELEVA A BASE MÍNIMA DE COTIZACIÓN PARA OS AUTÓNOMOS SOCIETARIOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 824/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xaneiro de 2014, número 824/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

"A crise económica que atravesa España dende 2008 puxo de releve as debilidades do modelo laboral español, sendo a destrución de emprego unha grande preocupación. É preciso constituír un mercado de traballo mais eficiente e de mais calidade, mellorando a atención ás persoas e ás empresas, e fomentando a cultura emprendedora, as fórmulas de autoemprego, de traballo autónomo e de economía social.

O Consello Europeo recordou "a importancia de reducir a presión fiscal sobre o traballo, sobre todo reducindo as contribucións sociais, como medio de incrementar a empregabilidade e de impulsar a creación de emprego e a competitividade" (Bruselas, 27 e 28 de xuño de 2013).

A finais do ano 2013, o Goberno aprobou a Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014 (BOE 26/12/2013) e o Real Decreto-lei 16/2013, de 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores (BOE 21/12/2013); introducindo notables modificacións no ámbito das cotizacións sociais:

1. Subida do 22% da base mínima de cotización para os autónomos societarios e aqueles que nalgún momento de cada exercicio económico e de maneira simultánea tiveran contratado ao seu servizo un número de traballadores por conta allea igual ou superior a dez. A disposición adicional segunda do citado Real Decreto-lei 16/2013 aproxima en materia de cotización o tratamento destes traballadores ao establecido para os traballadores incluídos no grupo 1 de cotización ao Réxime Xeral, o que supón un incremento de 175,8 euros, xa que pasa de 875,70 euros a 1.051,50 euros. Polo tanto, deberán pagar cada mes unha cota de 314,40 euros fronte aos 261,83 euros que lles correspondería de non realizarse este cambio.
2. A base mínima de cotización dos autónomos foi actualizada cun 2% nos Presupostos Xerais do Estado, fixándose en 875,70 euros mensuais. Polo que, a cota mínima, que é a que pagan o 85,3% dos autónomos -segundo datos do Instituto Nacional de Estadística (INE)-, pasa de 256,72 euros a 261,83 euros.
3. Subida do 5% da base máxima de cotización dos autónomos (pasa de 3.425,70 euros a 3.597 euros mensuais).
4. Eliminación de exencións de cotización á Seguridade Social de determinados conceptos retributivos e remuneracións en especie (disposición final terceira do Real Decreto-lei 16/2013, de 20 de decembro): aportacións a plans de pensións, pluses de transporte e distancia, cheques restaurante, servizo de gardería ou seguro médico.

Estas medidas non favorecen a creación de emprego nin incentivan o traballo autónomo. Segundo datos do INE, a cotización á Seguridade Social supón case unha quinta parte da remuneración bruta dun traballador no terceiro trimestre do 2013. Polo tanto, nun contexto de especiais dificultades e axuste dos custes laborais, será inevitable asistir a unha nova redución da renda dispoñible dos traballadores e ao seu conseguinte impacto negativo sobre o consumo. A evidencia empírica mostra que os impostos que gravan ao factor traballo poden xogar un papel relevante na determinación da oferta e a demanda de traballo e, a través de elas, no desemprego.

Mais do 95% do tecido produtivo do noso país o conforman autónomos e pequenas e medianas empresas, que se verán afectados por estas medidas.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- 1.- Instar ao Goberno da Nación a supresión da disposición adicional segunda e final terceira do Real Decreto-lei aprobado o pasado 20 de decembro, polas que

que se eleva a base mínima de cotización para os autónomos societarios e aqueles con mais de dez traballadores e se suprime a exención de cotización á Seguridade Social de determinados conceptos retributivos; medidas que prexudican directamente a PYMES e autónomos e a creación de emprego.

2.- Instar ao Goberno da Nación a adoptar medidas de apoio ao traballo autónomo, así como de fomento da cultura do emprendemento.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A crise económica que atravesamos en España puxo de releve as debilidades do modelo laboral español, sendo a destrución de emprego unha grande preocupación, é preciso construír un mercado de traballo máis eficiente de máis calidade de forma urxente, mellorando a atención das persoas e tamén das empresas e fomentando a cultura emprendedora, as fórmulas do autoemprego do traballo, autónomo e da economía social.

O Goberno Central segue coas súas políticas de axustes, o Goberno Central do Partido Popular segue coas súas políticas de recorte, sobre todo ás persoas. O Partido Popular puxo no punto de mira neste caso aos traballadores, novamente aos traballadores, neste caso aos traballadores autónomos, isto é unha bomba na liña de flotación dos emprendedores que pasan a base de cotización mínima dos 858,6 euros do ano 2013 a 1051 neste ano, no ano 2014, un incremento do 22%. Esta medida afecta en Galicia a máis de 60.000 profesionais segundo a Federación de Autónomos de Galicia, medida que se toma con nocturnidade como acostuma a facer o Partido Popular e con aleivosía, nun marco dunha disposición adicional co título de “Medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores”. Cando digo que unha medida tomada con nocturnidade e aleivosía primeiro, porque é nunha disposición adicional, non na lei de presupostos, e baixo este título enganoso medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade, nin mellora a

contratación nin mellora a empregabilidade o único que fai e o que fai o Partido Popular, destruír emprego e facer que os nosos mozos en vez de emprender teñan que marcharse deste país. Neste caso tamén ás agachadas de Europa, xa que no Consello Europeo do 27 ao 28 xuño do 2013, dicíase a importancia de reducir a presión fiscal sobre o traballo, sobre todo reducindo as contribucións sociais como medio de incrementar a empregabilidade e de impulsar a creación de emprego e a competitividade. Pero xa vemos que o Partido Popular non quere impulsar a creación de emprego, non quere incrementar a empregabilidade e o que fai é votar aos nosos mozos fora deste país.

Por unha vez que o Sr. Rajoy e o Partido Popular non escoita a Europa é para minguar os dereitos dos traballadores autónomos de España e de Galicia. Os traballadores autónomos cualificaron esta subida de cotizacións de subida descomunal, de medida regresiva e acusan ao goberno do Partido Popular de colar esta medida ás agachadas para evitar o balbordo deste colectivo, para evitar que este colectivo sufra e proteste por estas medidas. Son medidas que atacan aos autónomos que son os que poden baixar as cifras de paro, que son os que nesta crise ten incitante están baixando de forma sensible as cifras do paro, máis do 95% do tecido do noso país, confórmano autónomos e pequenas e medianas empresas, que se verán afectadas por estas medidas crueis do Goberno do Partido Popular.

Por isto é que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo, primeiro, instar ao Goberno da Nación á supresión da disposición adicional segunda e final terceira do Real Decreto-lei aprobado o pasado 20 de decembro, polas que se eleva a base mínima de cotización nun 22%, para os traballadores autónomos societarios e aqueles con máis de dez traballadores e que se suprime a exención de cotización na Seguridade Social de determinados conceptos retributivos, medidas que prexudican directamente ó emprego, aos autónomos, aos traballadores autónomos, as PEMES e á creación de emprego neste país. Polo punto segundo, instamos ao Goberno da Nación a adoptar medidas de apoio ao traballo autónomo, así como fomento da cultura do emprendemento, fagamos todos xuntos por crear emprego, fagamos todos xuntos por protexer o noso sector produtivo, non sigamos destruíndo emprego.

SR. ALONSO PÉREZ: Os datos son ben elocuentes do desastre económico que estamos vivindo, pasamos en Galicia de 150.000 desempregados no ano 2007 a 277.800 a finais deste ano. Isto significa que se perderon 127.800 neste período, só no sector industrial dende 2007 ao 2013, perdéronse 75.000 empregos, ademais perdeuse no sector pesqueiro, no agrícola, público, na sanidade, na educación e aínda por enriba os contratos novos que se fan son en precario, eventuais e con peor salario. Nos últimos dous anos por desgracia, Galicia trepou aos primeiros postos de España na destrución de emprego, isto demostra o fracaso estrepitoso da política económica do Sr. Feijóo.

A este panorama agora temos que sumar á situación crítica pola que están pasando os autónomos e a PEMES, persiste a dificultade para que teñan liquidez, como todo o mundo sabe o Goberno Central abordou unha reestruturación financeira para darlle cartos á banca e non asegurou que eses cartos flúa e chegue aos pequenos empresarios e aos particulares.

Agora temos a última, agora tócalle aos autónomos, ó amparo do que establece a Disposición adicional 27 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social se lle sobe o 22% da base mínima de cotización, para os autónomos que teñan dez empregados ou máis, isto vai facer que moitas microempresas non queiran contratar a ninguén para non pasar dos dez, aínda que o poidan facer non o van facer, ademais incrementan a base mínima para tódolos autónomos. Todas estas medidas ademais tómanse sen falar co sector, unha autónoma que se dedica a alugar bicicletas de montaña, abriu unha plataforma para denunciar esta situación e pedir que as taxas da Seguridade Social, que as cotizacións se fagan en función dos ingresos, pois en dous días conseguiu 105.000 sinaturas porque o sector, os autónomos están totalmente en contra das medidas que se están tomando.

Mentres como sabe todo o mundo ao Goberno écheselle a boca falando do emprendimento, de que este é o sector que hai que apoiar ese é o discurso, pero a realidade é que as súas leis os castigan. A nós gustaríanos saber, que fixeran un balance o Goberno galego para que serviu o local que temos aí en fronte para os emprendedores, que medidas tomaron? Non ten sentido que se incrementen

as cargas sobre estas unidades económicas mentres aumentan as axudas á banca e ás grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais. Estes cambios ademais prodúcense co obxectivo de facer viable a Seguridade Social, cando está claro que o déficit ten moito máis que ver co desemprego e cos baixos salarios. O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal para que pague máis, quen máis ten e ademais por políticas de creación de emprego. Por isto, imos votar a favor desta moción engadíndolle dúas emendas, instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga o fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas. Tamén, instar á Xunta de Galicia a por en práctica políticas activas de emprego en Galicia como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerables para a obtención de emprego.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Regades, debería dar as grazas ás políticas reformistas deste Goberno, e debería dar as grazas ao talante valente do mesmo que nestes momentos permite que España teña futuro. Un Goberno que fai diálogo social non o que fixeron vostedes, o Goberno Socialista que practicou a destrución social con cinco millóns de parados. Este Goberno é un goberno valente que simplificou os contratos de corenta e dous a catro, creando un Plan español de implantación de garantía para mozos cunha dotación de 1.800 millóns de euros, a primeira vez que se impón o IVE de caixa no devengo do imposto, non menciona vostede isto tampouco, nin sequera que os autónomos novos pagan cincuenta euros cun 80% de bonificación os seis primeiros meses, iso non lle interesa, diso esqueceuse. Eu entendo que non lles guste o diálogo social, basicamente porque non lles gusta todo aquilo que non veña por vostedes. Levamos dous anos loitando contra vento e marea, perdón contra o desastre político e social creado por oito anos de goberno socialista, iso é o que levamos facendo ou é que xa se esqueceron dese pequeno detalle. Claro que non nos

gusta que se suban as cotizacións sociais, eles son a base da nosa economía, iso é algo real como a vida mesma, por suposto que preferíamos un modelo máis anglosaxón, unha cota de cotización baixa e o resto a base de facturación, pero a realidade é outra, é que nestes momentos hai que garantir as prestacións sociais en España, esquécese de que vostedes destruíron todo o sistema social español, todo. Tamén entendo que o goberno se vexa obrigado a subir as cotizacións para manter e garantir o noso sistema social, destruído por vostedes. O que máis me sorprende é que vostedes, o Partido Socialista Obreiro, español non queren un beneficio para os traballadores, por exemplo no punto catro da súa moción, xa veremos como o explican, ao obrigar ás empresas a cotizar por determinados pagos en especie e opóñense a que os traballadores obteñan vantaxes sociais nese sentido, Sr. Regades? Dígao, está na lei. Sabe perfectamente que os traballadores deste país negocian o soldo en bruto ou en líquido, e iso non afecta ás cotizacións sociais Sr. Regades, espero que non faga falla que lle explique como se desglosa unha nómina neste país. De forma que o punto catro da súa moción non só non afecta ao traballador senón que lle beneficia, nós imos votar a favor a da súa moción porque nos debemos a Vigo, aos seus autónomos, aos seus empresarios e traballadores e para nós iso é prioritario, mellorar a estrutura económica de Vigo e o Partido Popular de Vigo só se debe a Vigo e as necesidades dos seus cidadáns e por iso imos votar a favor, porque temos que estar ao carón do autónomo, sen embargo, xa que antes mencionaron FITUR, poderíannos explicar como é posible que ninguén do Concello de Vigo, do seu Goberno se achegase por FITUR, nós si, a Delegada do Goberno da Xunta de Galicia estaba en FITUR, apoiando Vigo, Deputación estaba en FITUR, apoiando Vigo, sen embargo onde estaba vostedes? Inexistentes totalmente.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade coincido absolutamente con tódalas reflexións que fai o Bloque Nacionalista Galego, novos contratos precarios, destrución en Galicia de máis de 127.000 empregos do ano 2007 ao 2013, un fracaso da política económica pero non só iso, unha política industrial en Galicia inexistente e un Presidente en Galicia da Xunta de Galicia inexistente, que

escapa de tódolos problemas, de Galicia e acostúmanos a facer tódalas declaracións fora do noso país.

Cando falamos de diálogo, social falamos da esquerda, falamos do Partido Socialista Obrero Español, que nos fale o Partido Popular de diálogo social a verdade é que non o podo entender, sobre todo cando tódalas leis que está aprobando son sen acordo dos partidos políticos, dos colectivos e sobre todo usando a súa maioría absoluta para esmagar os dereitos das traballadoras/es, os dereitos das mulleres, os dereitos dos cidadáns, pero felicito que o Sr. Álvarez apoie aos autónomos, da cidade porque algunha compañeira súa non apoia ás mulleres de Vigo, cousa que vexo grave.

O desemprego aumentou dende que vostedes gobernan en España nun millón de persoas, que están pasándoo mal no noso país, cae a poboación activa, 700.000 persoas tiveron que emigrar, o que pasa é que a vostedes non lle chaman emigrar chámanlle mobilidade exterior, pero é emigrar como o fixeron miles e miles de vigueses hai moitos anos, como tivo que emigrar meu pai, cousa que non desexa a ninguén e cousa que nestes momentos me di de forma continua “non entendo como este país pode estar corenta anos atrás” e isto todo é gracias á política do Partido Popular. Marchan os nosos mozos, os máis preparados, a xeración máis preparada e a vostedes non lles importa, nos fala de mobilidade exterior e din que estas medidas son valentes, eu dígolle estas medidas son crueis, non son humanas, eu se tivese vergoña deixaría de militar no Partido Popular, como vemos que está pasando de forma continuada, si señores do Partido Popular, eu non podo entender que estas medidas que están tomando contra os dereitos das persoas, dos traballadores sexan de capaces de defenderse, eu creo que isto é indefendible, por iso tamén entendo que o Sr. Álvarez vote a favor.

Señores do Bloque Nacionalista Galego as emendas de engádeda que nos propoñen as aceptamos, queremos que os deputados do Partido Popular defendan estas iniciativas no Parlamento de España.

PRESIDENCIA: Antes de pasar á votación quería aclararlle ao Sr. Álvarez que o Concelleiro de Turismo si estivo en FITUR, e pídlle que o respecten.

Pasamos á votación, primeiro hai unha engádeda do grupo do Bloque Nacionalista Galego que procedemos á votación.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, presenta a seguinte emenda de engádeda.

Engadir os seguintes puntos:

3.- Instar á Xunta de Galiza ademandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

4.- Instar á Xunta de Galiza a pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Regades Fernández, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, aprobase a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, engadindo os puntos da emenda presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, quedando do seguinte xeito:

1.- Instar ao Goberno da Nación a supresión da disposición adicional segunda e final terceira do Real Decreto-lei aprobado o pasado 20 de decembro, polas que se eleva a base mínima de cotización para os autónomos societarios e aqueles con mais de dez traballadores e se suprime a exención de cotización á Seguridade Social de determinados conceptos retributivos; medidas que prexudican directamente a PYMES e autónomos e a creación de emprego.

2.- Instar ao Goberno da Nación a adoptar medidas de apoio ao traballo autónomo, así como de fomento da cultura do emprendemento.”

3.- Instar á Xunta de Galiza ademandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

4.- Instar á Xunta de Galiza a pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.

5.3(8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE MANTEÑA O MAPA SANITARIO E QUE O COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO CONTINUÉ A SER O HOSPITAL DE REFERENCIA PARA NAS PROVINCIAS DE PONTEVEDRA E OURENSE. EXPTE. 826/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2014, número 826/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista,

Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“O mapa sanitario de Galicia foise definindo o longo dos anos en sucesivos decretos. O primeiro foi no ano 1984 e o último no ano 2005. Un mapa sanitario que, ata agora, segue en vigor pero que se vai modificar por mor dunha instrución que a actual consellería de sanidade.

Exactamente se trata da instrución 7/2013 da Consellería de Sanidade, cun novo reparto das áreas sanitarias. Este reparto non parece moi equitativo para os diferentes complexos hospitalarios, pois mentres o CHUAC vai contar con once referencias únicas, e o CHUS con once, a Vigo no CHUVI so se lle asignan catro, cando a área urbana de Vigo é a de maior poboación de Galicia.

Lamentablemente, a política sanitaria da dereita ven discriminando aos cidadáns de Vigo en termos de asistencia sanitaria dende fai moitos anos. É a única área sanitaria que ten poboación asignada a un hospital privado, e agora estase a construír un hospital privado que vai a hipotecar a sanidade galega durante décadas.

Este reparto arbitrario e discriminatorio do que falábamos antes ten moito que ver con que a área sanitaria de Vigo, aínda que conta co maior número de habitantes, continua sen embargo tendo unha dotación sanitaria claramente insuficiente .

Deficiencias e problemas que o novo hospital “privado” de Vigo non vai solucionar, xa que nace seriamente recortado. Iso si, vanse asignar ao CHUAC e CHUS, públicos, as doenzas e probas máis custosas, e deixar para o novo hospital privado de Vigo aquelas máis baratas de prestar, e polo tanto con maior beneficio para as empresas adxudicatarias.

Ademais, esta nova distribución vai prexudicar aos doentes de Vigo, xa que por un lado van ter que asumir desprazamentos máis longos, e por outro os profesionais da medicina pública de Vigo terán una menor oportunidade de formación ao reducirse a poboación con patoloxías e probas diagnósticas e cirúrxicas complexas, diminuíndo a masa crítica de patoloxías complexas tratadas, o que repercute na calidade asistencial.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia:

1. A que manteña o mapa sanitario vixente, e que o CHUVI continúe a ser o hospital de referencia para a totalidade das provincias de Pontevedra e Ourense.

2. Que en aras dunha xusta distribución entre poboación e territorio das prestacións sanitarias, se inicie o proceso para incrementar as referencias únicas para o conxunto de Galicia de novos tratamentos e probas diagnósticas no CHUVI.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: A conselleira de Sanidade aprobou un novo mapa para Galicia cunha instrución do 26 de xullo do 2013 que entrou en vigor o 15 de setembro e que non se deu a coñecer ata xaneiro. Fíxose con aleivosía e nocturnidade, sen consultar con ninguén e atacando de novo a Vigo. O reparto que propón a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo é arbitrario e discriminatorio coa nosa cidade, mentres o complexo hospitalario de A Coruña vai contar con once referencias únicas e o de Santiago de Compostela con once, ao de Vigo asígnanselle catro, cando é a área de maior poboación de Galicia. Rómpeuse o equilibrio territorial xa que se diminúe a accesibilidade á poboación tanto temporal como xeográfica, ademais da dimensión humana de separación do paciente do seu entorno familiar e emocional, algo que ao Partido Popular non lle interesa nada, ao Partido Popular a xente impórtanlles ben pouco.

A primeira pregunta ante esta nova aldraxe a Vigo é porque toma esta decisión a Xunta de Galicia, hai algún argumento rigoroso para tomar esta decisión? A resposta é clara, non, un non con maiúsculas, é unha decisión política, un novo ataque á cidade máis poboada de Galicia. O Sr. Feijóo e a conselleira de Sanidade decidiron promover o norte fronte ao sur, unha vez máis pretenden supeditar Vigo a A Coruña e Santiago de Compostela, A Coruña e Santiago de Compostela van ter o dobre de poboación co de Vigo, 1.850.000 fronte a menos de 900.000, sen dúbida unha aposta polos hospitais do norte en prexuízo dos do sur de Galicia. O Sr. Feijóo e a Sra. Mosquera esquilmando a Vigo para favorecer aos

seus protexidos de A Coruña e Santiago de Compostela. Ámbolos dous están tomando unha decisión que suporá un trastorno para os pacientes nos desprazamentos, ao dobrarse en moitos casos a distancia a percorrer con respecto a Vigo. Ademais, xerará unha descapitalización dos servizos asistenciais no sur de Galicia aumentando a brecha diferencial de financiamento que xa temos con respecto ao Norte. O que se pretende é potenciar o hospital de Santiago de Compostela como centro estrela e a provincia de A Coruña a expensas das áreas sanitarias de Pontevedra e Vigo.

A desviación de pacientes suporá unha detracción de orzamentos e de alta tecnoloxía na área de Vigo por máis que o queiran negar os responsables da Xunta de Galicia e os seus obedientes voceiros en Vigo, suporá tamén perda de experiencia profesional sanitaria, equipos, capacidade de impartir docencia e de avanzar en investigación. A Xunta de Galicia quere un área sanitaria minguada para Vigo, pretende desmantelar a área sanitaria viguesa cun desvío de 300.000 pacientes da provincia de Pontevedra a Santiago de Compostela. O Partido Popular está a construír un hospital privado en Vigo e teñen que asegurar que sexa un bo negocio, teñen que asegurarlle a redabilidade á empresa concesionaria, esta é outra das causas desta inxustificada reordenación das áreas sanitarias de Galicia, non lles chega con construír un hospital privado, con menos prazas, menos servizos e menos tecnoloxía senón que agora para asegurar os beneficios aos concesionarios derivan o tratamento das enfermidades máis custosas aos hospitais públicos da provincia de A Coruña, en Vigo hospital privado asegurarlle beneficios, en Santiago de Compostela e A Coruña hospitais públicos.

O Sr. Feijóo e a Sra. Mosquera son uns desalmados, pero non imos quedar cruzados de brazos, non imos quedar pasivos mirando como atacan á Sanidade pública na cidade, a sanidade das viguesas/es, dos pontevedreses/as, dos homes e das mulleres que viven no Salnés. O presidente da Xunta de Galicia está entrando a saco na sanidade viguesa, isto traerá graves consecuencias xa que producirá un empeoramento da calidade asistencial, que o teña claro o Sr. Feijóo e a Sra. Mosquera, non o van consentir, unha vez máis sairán miles de persoas á rúa para dicirlle, xa está ben de facerlle dano á Sanidade pública en Galicia e

particularmente en Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu agardo que na resposta do Partido Popular a esta moción non se diga outra vez que isto tamén son leis que hai que tratalas neste caso no Parlamento de Galicia e que non se poida falar aquí, porque a verdade é que a incongruencia do que acabamos de escoitar da Sra. García co que hai un momento acaba de efectuar o propio Partido Popular é unha incongruencia inaudita. A Sra. García non quere que se fale aquí dos dereitos que as mulleres teñen para decidir e na moción seguinte o Partido Popular vota a favor dunha moción que trata precisamente dunha lei a nivel estatal, realmente cando no se teñen argumentos, cando no se queren defender os dereitos e, neste caso, tan importantes das mulleres fálase de que iso non toca hoxe aquí, espero que non sexa esa a resposta tamén a que o Partido Popular ten preparada para a Sanidade.

Sra. Silva, é moi fácil entender porque se fan estas cousas, nós estamos absolutamente de acordo con esta moción e en contra desa reasignación de pacientes que trata de facer o SERGAS, pero o por que non é nin tan sequera favorecer a uns e a outros, ten unha razón moi clara que é unha razón ideolóxica, o obxectivo número un que ten o Partido Popular en materia de Sanidade é privatizar a Sanidade pública, e ese é o obxectivo polo que o Sr. Feijóo e o Sr. Rajoy veñen traballando dende hai xa un par de anos. A reasignación de pacientes que coa conseguinte redución de persoas que tiñan xa como referencia ao Complexo Hospitalario Vigués é un claro exemplo disto, e é unha peza máis desa quebracabezas, primeiro eliminamos pacientes e tecnoloxía, alta tecnoloxía e especialidades importantes do Complexo Hospitalario de Vigo, despois blindamos a un hospital privado como é POVISA, nada máis e nada menos que cun convenio que vai custar ás arcas públicas 75 millóns de euros, sae o Sr. Feijóo dicindo que cada un vai pode elixir o hospital que quere, mentira. Tamén se fala de que a adscrición a POVISA vai ser voluntaria, e entón un pregúntase, que ocorre se ningún home ou muller de Vigo se adscriben a POVISA, ímoslles pagar 75 millóns de euros a unha empresa privada por non facer nada, esa é outra das pezas.

A terceira peza é imos quitar camas, reducir a atención cun único obxectivo que ao final o novo hospital de Vigo sexa máis rendible para a empresa que o xestiona, iso é o rompecabezas, ese é o quebracabezas que vai cada día poñéndonos a Xunta de Galicia e o Partido Popular enriba da mesa, cun único fin, lavar a cara desa trifurca e desa vergoña que supón que Vigo non vai contar cun hospital público e cun hospital como o que precisan os homes e mulleres desta cidade.

Logo o argumento da conselleira é moito máis patético aínda, temos que reasignar pacientes, é dicir, temos que levar á xente de Vigo a Santiago de Compostela ou A Coruña ou á xente de Marín a Santiago de Compostela ou A Coruña porque non podemos permitir tantas listas de agarda tan grandes. Isto é exactamente o mesmo o que que quere facer o Partido Popular cos nosos mozos, para evitar que haxa desemprego xuvenil en Galicia mandámoslos fora, e polo tanto desaparece o desemprego xuvenil. Isto é o que queren facer coa Sanidade, como hai listas de espera, mandamos ós pacientes fora, non entendemos que os pacientes teñen que ser atendidos nas súas áreas determinadas, non entendemos isto.

Un despropósito máis de ese único obxectivo que ten o Partido Popular de privatizar a Sanidade, nós por iso presentamos tamén unha emenda, nós o que dicimos é si o problema e das listas de agarda, poñan vostedes recursos nesta cidade, poñan vostedes especialistas nesta cidade, poñan máis servizos nesta cidade para que non haxa listas de agarda, a solución non pode ser mandar á xente para afora.

SRA. CENDÓN ALONSO: Estamos a falar dunha instrución que para nada fai referencia ao mapa sanitario nin ás áreas sanitarias, está facendo referencia ás referencias de procesos que requiren dun mínimo de usuarios para a súa realización porque son procesos pouco frecuentes e que necesitan dun mínimo para garantir a calidade. O mapa sanitario están vostedes moi raros é un concepto totalmente obsoleto e que quedou derogado coa creación das estruturas organizativas de xestión integrada coa xeosis, isto non fai referencia para nada a esas referencias porque tódalas xeosis teñen uns hospitais de

referencia e estamos falando dunha rexionalización de procesos que teñen que ser feitos en hospitais de terceiro nivel que en Galicia temos tres, un para a área norte que é A Coruña, un para a área centro que é Santiago de Compostela e outro para a área Sur que é Vigo.

En xullo de 2013 A Coruña atendía a un millón de usuarios, Santiago atendía a 450.000 usuarios e Vigo atendía 1.200.000 usuarios, claramente un desequilibrio evidente, era preciso reestruturar estas áreas para garantir a equidade de usuarios a cada un dos hospitais e que os usuarios puideran eles ir cada novo proceso onde queiran ir, este reequilibrio que xa se fixera coa cirurxía cardíaca que lembro que era Vigo o que soportaba as esperas máis longas de toda a comunidade autónoma, supuxo que cirurxía cardíaca neste momento teña as esperas máis curtas de toda a unidade de toda a Comunidade Autónoma. Pasamos de 110 días de espera para os vigueses a 38 días de espera.

Din vostedes que se desprazan usuarios, efectivamente o que se fixo foi a área de Pontevedra norte e Salnés desprazalas a Santiago de Compostela, co cal conseguimos que máis ou menos tódalas rexións sanitarias atendan a un millóns de usuarios, e con isto só se desprazan os usuarios que queiran facelo porque os que queiran continuar en Vigo poderán elixilo porque está aprobada a Lei de garantías, Lei de garantías que o Partido Socialista no apoiou porque non pretende que sexa o usuario o dono da súa decisión. Din que están máis afastados, estará máis afastada a capital porque todas están máis preto de Santiago de Compostela, Catoira, Pontecesures, Valga, Cambados, O Salnés están máis próximos a Santiago de Compostela e non só iso, cando estes usuarios chegan a Santiago desprázanse con transporte metropolitano máis barato que nesta cidade, porque aquí cando veñen os castigamos pagando un transporte máis caro que os de Vigo, cando nos interesa queremos que veñan os de fora, pero cando non, así.

En definitiva, para os vigueses/as que supón esta reordenación, supón a mesma calidade e a mesma seguridade na atención dos seus procesos, supón ningún usuario de Vigo nin da súa área sanitaria vai ter que desprazarse e tódolos usuarios desta área sanitaria van ter menos esperas, a atención de urxencias vaise facer por isócrona, con independencia de onde viva o usuario vaise a

utilizar o tempo máis curto dende onde se produce a urxencia e irán ao hospital máis próximo, con independencia de onde residan.

Mingua orzamentaria ningunha, os Orzamentos están aprobados na Comunidade Autónoma non como neste Concello, e non hai nin un só recorte. Esta moción é a copia doutra moción presentada no Parlamento de Galicia para pedir que os usuarios de Pontevedra non veñan a Vigo, e que os usuarios de Ourense non veñan a Vigo, sabe canto erros contén esta moción, como está copiada e non está corrixida, dezaioito erros, isto é unha falta de respecto para nós e para os cidadáns, hai que ter un pouco de rigor.

Nós imos pelexar porque nesta área se constitúan novas referencias para toda Galicia e para toda España, non imos a entrar en pelexas norte, sur porque perderíamos todos como coa pelexa dos aeroportos só gañou o Sá Carneiro. Nós anunciamos dende o día de hoxe, imos traer a todo o Pleno unha solicitude de referencia nova, que a teñan que solicitar os profesionais non as administracións, aquí teño o decreto cando queiran ensínollo.

SRA. SILVA REGO: Señora Cendón, quero comezar dicindo que vostede traizoa á sanidade e con esa traizón á xente, traizoa ás viguesas que queren Sanidade pública e de calidade en Vigo e vostede que é unha profesional da Sanidade traizoa á profesión, hoxe os profesionais sanitarios de Vigo están mirando como unha compañeira súa que tiña que defender a calidade da Sanidade en Vigoponse ao lado do seu xefe de filas e da conselleira de Sanidade que toma decisións políticas e inxustas.

Señora Cendón, vostedes sabe que a ordenación é de extraordinaria importancia para o presente e o futuro desenvolvemento dos centros, xa que afecta a servizos e técnicas que van ser referencia, son actividades e servizos de alta especialización e tecnoloxía, o que aporta valor engadido ao sistema sanitario público e que é determinante para o prestixio dos centros hospitalarios, estamos a falar da soia da coroa que vostedes lle entregan ao norte para debilitar a Vigo, vostedes sempre en contra de Vigo. Fala vostede de que con isto arranxase as listas de agarda, en declaracións aos medios de comunicación a conselleira manifestou que Vigo ten un problema de accesibilidade, o director xeral de

Asistencia Sanitaria que a Vigo prexudicoulle historicamente a fragmentación hospitalaria e ó xerente da Área de Xestión Integrada de Vigo que non hai que fixarse exclusivamente nas listas da agarda. Ademais, de non poñerse de acordo falsean, para ser claros, menten e ocultan a realidade para enganar á cidadanía de Vigo, non existe criterio técnico, económico, organizativo, administrativo, que poida avalar esta decisión, trátase de favorecer a outras áreas sanitarias en detrimento da de Vigo, por razóns de presión política e, escoite ben, viguesas/es e de tráfico de influencias, que quede claro, de tráfico de influencias, e quero lembrar que en marzo de 2011 a conselleira co argumento de reducir a lista de agarda tamén do servizo de cirurxía cardíaca de Vigo, decidiu que 300.000 marcharan para Santiago de Compostela, dixo que se trataba dunha medida provisional e que no momento que se solucionara o problema volvería restituírse, pois solucionouse o problema e non se restituíu, pero é que ademais este cambio levou consigo unha redución orzamentaria do servizo de cirurxía cardíaca de Vigo dun 23%, tres millóns, mente vostede, señora Cendon, mente.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Dominguez Olveira, presenta a seguinte emenda de engádeda,

Engadir un punto ao acordo co seguinte texto:

3.- Xa que a Xunta de Galicia está a afirmar que o problema son as listas de espera, a corporación municipal insta ao xerente da Área de Vigo a reclamar recursos para os seus servizos para incrementar a eficiencia e esixir que o novo hospital de Vigo teña a dotación necesaria para dar unha resposta satisfactoria que manteña a Área Sanitaria de Vigo como área punteira de referencia para as provincias de Pontevedra e Ourense naquelas especialidades que, por criterios científicos e asistenciais non podan ser atendidas nas súas áreas respectivas.

Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Abelairas Rodríguez, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade, aprobándose a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, engadindo o punto da emenda presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, resultando o seguinte texto:

- Instar á Xunta de Galicia:

1. A que manteña o mapa sanitario vixente, e que o CHUVI continúe a ser o

hospital de referencia para a totalidade das provincias de Pontevedra e Ourense.

2. Que en aras dunha xusta distribución entre poboación e territorio das prestacións sanitarias, se inicie o proceso para incrementar as referencias únicas para o conxunto de Galicia de novos tratamentos e probas diagnósticas no CHUVI.”

3.- Xa que a Xunta de Galicia está a afirmar que o problema son as listas de espera, a corporación municipal insta ao xerente da Área de Vigo a reclamar recursos para os seus servizos para incrementar a eficiencia e esixir que o novo hospital de Vigo teña a dotación necesaria para dar unha resposta satisfactoria que manteña a Área Sanitaria de Vigo como área punteira de referencia para as provincias de Pontevedra e Ourense naquelas especialidades que, por criterios científicos e asistenciais non podan ser atendidas nas súas áreas respectivas.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(9).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 2 de xaneiro e 22 de xaneiro de 2014.

1.2(10).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 2 de xaneiro e 22 de xaneiro de 2014.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A REVISAR E MODIFICAR AS LIÑAS, CONTRATO E TARIFAS DO TRANSPORTE MUNICIPAL, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 817/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xaneiro de 2014, número 817/1101, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

"Vigo é unha cidade moi extensa, cun gran núcleo urbano pero tamén cunha

importante zona rural na que se asenta boa parte da poboación. Esta configuración supón habituais e, en ocasións, longos desprazamentos para o desenvolvemento de actividades cotiás. Ademais á cidade de Vigo chegan diariamente un número importante de persoas a traballar, estudar, realizar xestións ou compras que se unen ao tráfico da cidade tanto en transporte público como privado.

Esta situación cada vez é máis complicada debido á mala xestión do transporte público municipal, que sofre unha caída constante de viaxeiros, con liñas mal planificadas e inadecuadas ás demandas actuais (están sen revisar desde hai anos, tal e como xa denunciou o BNG en múltiples ocasións), o que ten como consecuencia algunhas liñas baleiras e outras saturadas e puntos importantes da cidade moi mal comunicados, e cunhas tarifas e descontos que non se adaptan á realidade socio-económica actual tendo o billete ordinario máis caro de Galiza e ningún desconto para as persoas sen recursos, o que provoca a exclusión dunha parte da poboación dun servizo público básico. A ineficiencia do servizo público de transporte non só ten como resultado un mal servizo á cidadanía senón tamén un custe excesivo para os orzamentos municipais por non teren actualizado as condicións da concesión e atoparse nestes momentos absolutamente condicionados polo rendemento empresarial da concesionaria nun sector, como é o do transporte, cada vez máis castigado polas medidas económicas tomadas polos gobernos do estado e da Xunta.

A mala situación do transporte público colectivo, ao contrario do que indica a sostibilidade e o sentido común, promove o uso dos vehículos privados que teñen un custe moi elevado non só desde o punto de vista ambiental e social senón tamén de maneira individual para os seus usuarios polo prezo do combustíbel e do aparcamento. É fundamental mellorar a mobilidade na nosa cidade para a cidadanía da súa área de influencia co obxectivo de facilitar os desprazamentos e facelos máis eficientes desde o punto de vista individual e tamén colectivo polo que é preciso abordar os problemas desde unha perspectiva global.

Por estes motivos solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar ao goberno local a:

1. Revisar e modificar as liñas do servizo municipal de transporte para adecualas ás necesidades de comunicación da nosa cidade
2. Revisar e renegociar coa concesionaria o contrato do servizo público de transporte corrixindo os problemas de ineficiencia para ofrecer un mellor servizo cun menor custe.
3. Revisar e modificar a tarifa ordinaria e as tarxetas de desconto para procurar un menor prezo e descontos para as persoas con menos recursos

para garantir así a accesibilidade de toda a poboación a un servizo público

4. Revisar as tarifas dos aparcamentos públicos
5. Estabelecer contactos e negociacións coa administración autonómica e os concellos da área de influencia para poñer en marcha o transporte metropolitano, incluíndo tamén o transporte de ría.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos esta moción, este mes despois de que nos últimos tempo tivésemos debatido neste cidade moitas cuestións relacionadas co transporte e a mobilidade, porque entendemos que o feito de que sexa recorrente distintos debates sobre estas cuestións relacionadas, ben sexa co transporte público colectivo, ben sexa co transporte privado, cos aparcadoiros, demostran que efectivamente hai un problema nesta cidade co transporte e a mobilidade que dende logo non foi abordado ata o de agora de ningunha maneira por parte do Goberno Local. Sabemos que Vigo é unha cidade moi extensa, cun gran núcleo urbano pero tamén cunha importante zona rural na que se asenta boa parte da poboación. Esta configuración fai que sexan moi habituais os longos desprazamentos en ocasións para o desenvolvemento de actividades cotiás. Ademais, á nosa cidade chegan diariamente un número moi importante de persoas a traballar, estudar, a realizar xestións ou compras que se unen ao tráfico da cidade, tanto no transporte público como no transporte privado, e esta situación cada vez se complica máis por hai unha mala xestión do transporte público municipal que se evidencia cunha caída constante no número de viaxeiros, con liñas mal planificadas e inadecuadas ás demandas actuais. En moitas ocasións o Bloque Nacionalista Galego pediu esa revisión das liñas, despois de telo pedido en varias ocasións e despois de ter presentado esta moción, a semana pasada o venres pasado, o Goberno Local presentou un novo

mapa de liñas dos autobuses urbanos que coñecemos unicamente a través do que saíu nos xornais, en realidade non coñecemos como é ese novo mapa polo miúdo, e en todo caso lamentamos que sexa despois de que teñamos reclamado constantemente e presentada esta moción e non pola evidencia de que hai un problema co transporte público municipal.

A ineficiencia do servizo público de transporte non só ten como resultado un mal servizo á cidadanía, senón tamén un custe excesivo para os Orzamentos municipais e ademais vemos como este custe excesivo nun sector económico como o do transporte cada vez máis castigado polas medidas económicas tomadas polos gobernos do Estado e da Xunta de Galicia, fan que o poder que ten a empresa concesionaria pese máis que as necesidades das persoas sen recursos que non teñen dereito agora mesmo a ningún tipo de subvención do seu billete.

Todo isto promove o transporte en vehículos privados, un transporte que evidentemente ten un custe elevado, non só dende o punto de vista ambiental, tamén social, e tamén de maneira individual para os seus usuarios, polo prezo do combustible que cada vez é máis caro gracias a ese céntimo sanitario que nin é céntimo nin é sanitario, senón tamén polo custe do aparcamento, porque na nosa cidade temos uns aparcadoiros públicos caros temos unha falta de aparcamento en superficie. Por iso atopámonos con debates constantes, cando se fala de modificar a SER atopámonos con propostas que o único que supoñen é aumentar o obxectivo recadatorio da SER, cando facemos propostas de devolver e peonalizar o Monte do Castro para a cidadanía, atopámonos con que non hai ningún autobús que suba ou que ese monte en realidade é un aparcamento máis barato que o deberían ser os aparcadoiros públicos e é recorrente constantemente este debate.

Por iso, nós queremos instar ao Goberno Local a revisar e modificar as liñas do servizo municipal de transporte para adecualas ás necesidades de comunicación da nosa cidade; a revisar e renegociar coa concesionaria o contrato do servizo público de transporte corrixindo os problemas de ineficiencia para ofrecer un mellor servizo cun menor custe, a revisar e modificar a tarifa ordinaria e as tarxetas de desconto para procurar un menor prezo e descontos para as persoas

con menos recursos para garantir así a accesibilidade de toda a poboación a un servizo público; a revisar as tarifas dos aparcadoiros públicos e a establecer contactos e negociacións coa administración autonómica e os Concellos da área de influencia para poñer en marcha o transporte metropolitano, incluíndo tamén o transporte de Ría, que por certo se converte cada vez máis nun luxo no canto dun transporte público, transporte que ademais o Goberno da Xunta de Galicia non quere declarar de interese público, o cal engade un problema máis de mobilidade a nosa cidade, este Goberno ten que afrontar tódolos estes problemas de vez.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que si que é canso e recorrente estar falando mes tras mes sobre as melloras que hai que facer no transporte urbano metropolitano desta cidade, parece que, Sr. Alcalde, non lle interesa porque vostede leva sete anos gobernando, eu levo tres anos aquí e mes tras mes presentáronse máis de oito mocións no mesmo sentido, despois lembrareille cales son, e fixéronse máis de vinte roldas de prensa, o cal é que para que non nos fagan caso, péreceme excesivo, como está facendo agora.

É verdade que presentaron un mapa de liñas, lamentamos como xa dixen esta fin de semana, que sexa polo xornal que nos teñamos que decatarse e non se informara e consensuado cos partidos da oposición, sobre todo cos representantes veciñais porque teñen algo que dicir, din que se fixo unha enquisa de máis de 32.000 usuarios, hai que miralo porque se fixo en dous días e péreceme moitos usuarios enquisados en dous días.

Xa se denunciou a mala xestión do transporte público municipal que ve agravada por ser Vigo a cidade máis extensa e diseminada, cunha gran área metropolitana, cuxos veciños achéganse diariamente a facer a súa vida diarias, compras, a gastar en Vigo, a traballar, a estudar ou facer xestión como ben dicía a compañeira a Sra. Veloso.

Lembrámoslle que en setembro do ano pasado presentamos unha moción para que apoiasen a implantación do transporte metropolitano, e unha tarxeta social a un custe baixo e votárona en contra, a verdade non entendimos ese día, e por fin dámoslle o parabén por meterse na senda obxectiva. Lembrámoslle tamén que

hai tres anos eran vostedes os que tiveron goberno e os puideron facer este cambio e non o fixeron.

Lembrámoslle tamén ao Goberno Municipal que segue habendo unha caída do número de pasaxeiros, o modelo do contrato está mal definido, cantos máis pasaxeiros hai no transporte urbano máis temos que pagar os vigueses, hai unha mala distribución das liñas que veremos, porque o que presentaron é un plan como moitos que presentou o Sr. Caballero, no Porto, aquí, pero que nunca se leva a cabo, e veremos e auditaremos nestes días como quedan. Tamén é verdade que anunciamos os grandes tempos de espera e a pésima distribución de frecuencias para ver en que se mellora, porque non temos coñecemento do presentado, que se cingue ao que é o VITRASA, o transporte público colectivo, pero nós tamén demandamos un plan de mobilidade que non só e VITRASA nesta cidade, hai máis cousas, o taxi, o movemento en bicicleta, hai a pe, hai máis cousas e vostedes só presentan unha pequena parte, da cal como tamén anunciamos non había partida orzamentaria para facer ese plan en 2013, anunciámolo a principios de 2013, non sei de onde quitaron os cartos, eu creo que o pagou a concesionaria, o cal a concesionaria presenta un plan para a cidade seguramente ese plan favoreza á concesionaria por desgraza, e non aos vigueses como ten que ser.

Tamén falábamos do caro que é o VITRASA, non nós, tódolos vigueses, é o transporte máis caro de Galicia, tamén o custe do servizo que pasou para esta cidade de cinco millóns a once millóns, sen que ao vigueses lles beneficiase e non haxa sobre custes na empresa. A necesidade de implantar o transporte metropolitano no que está incluído o transporte de Ría, que iso abarataría moito os custes, entre un 30% e un 60%, pero vostede non é capaz de negociar coa concesionaria porque temos que pagar polos bonos, a verdade é que non o entendemos. O caros que son os aparcadoiros en Vigo e a falla de prazas, a mala xestión da SER, a zona azul que estaba pensada para visitantes con tempos de uso reducido e gran mobilidade de vehículos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Sr. Araújo, hai cousas que eu non entendo moito, no mes de decembro reuníase a Comisión de Transporte na que vostede estaba e

tamén un representante do Bloque Nacionalista Galego e aí falamos da remodelación do transporte, quizás vostede non se lembre, pero si falamos e quedamos que no mes de xaneiro, febreiro convocábase a Comisión para falar deste traballo que estabamos facendo, seguramente o Sr. Alonso non llo comentou a súa voceira, entón a súa voceira pensa que un Plan que afecta a trinta e oito liñas, a 250 condutores, por certo señores do Partido Popular o 11% son mulleres porque nós si que cremos nas mulleres e que hai que apoialas en todo, 12.155 prazas, máis de trinta e oito liñas, 21.500 quilómetros ao día, para que vostedes se fagan unha conta.

Sr. Fidalgo, xa lle dixemos que o fixo moi ben e que vai ser candidato ás primarias do Partido Popular, o que percorre o VITRASA ao ano son o equivalente a 200 voltas ao mundo. Sr. Fidalgo eu entendo que no seu partido estean preocupados por quen é o candidato, quen non é o candidato, se vostede loce ou non loce.

Imos seguir co tema do transporte porque nos parece moi importante para esta cidade. 7.836.492 quilómetros ao ano, 22,5 millóns de pasaxeiros, e vostedes din que o custe é excesivo para o Concello pero para o Goberno desta cidade non vemos excesivo que gastemos 3,5 millóns en subvencionar a cidadáns que usan a tarxeta verde, non vemos excesivo dende este goberno que se usen 770.000 euros de custe para subvencionar ós estudantes/as desta cidade, digo moi ben "estudantes" Sra. García dígoa a propósito, hoxe é o día da muller porque este Pleno o encabeza vostede non defendendo os dereitos das mulleres. Eu no vexo excesivo e este goberno non ve excesivo que se subvencione e que se axude aos universitarios con máis de dous millóns de euros, pero parécelle excesivo que os pensionistas da nosa cidade que teñen pensións non contributivas ou os pensionistas que teñen unhas pensións por debaixo do salario mínimo interprofesional, se lles dea unha subvención aos segundos de 3,5 millóns para que poidan viaxar gratis e aos primeiros de 2 millóns de euros, este goberno como é un goberno de esquerdas, social non o ve excesivo, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular veno excesivo.

Señores do Partido Popular o Plan de Mobilidade que se leva facendo dende hai moitos meses, que se leva estudando tódalas liñas e tódalas opcións, Sr. Araújo máis liñas, máis quilómetros, imos seguir remodelando a flota e poñendo

autobuses novos, Sr. Araújo cada día o transporte recuperarase. Eu o que non entendo é ó Partido Popular porque nas súas cidades baixan os usuarios do transporte público, na cidade de Vigo baixa o uso do transporte público, por que? Por esta crise que son incapaces de solucionar dende o Goberno da Xunta de Galicia, na que o Sr. Feijóo dicía que ía reducir ós parados e os aumentou en máis de 173.000, ou dende o Goberno Central do Sr. Rajoy que dixo que ía reducir as listas do paro e nestes dous últimos anos aumentounas en máis de un millón de persoas que están pasándoo mal e están sufrindo os problemas desta crise. Cando vostedes din que o autobús é caro, que os aparcadoiros desta cidade son caros, quen deseñou e adxudicado os aparcadoiros desta cidade? O Partido Popular, e esa é a forma que nós empregamos. Digo unha cousa máis, son caros comparados con que? Porque como vostedes saben, os xubilados na cidade de A Coruña que tanto fala a Sra. Veloso, voceira do Bloque Nacionalista Galego teñen que pagar, aquí en Vigo non, a xente con mobilidade reducida en cadeira de rodas en A Coruña teñen que pagar, en Vigo non, e non 2009 o Sr. Abel Caballero, o noso Alcalde fixo o bono social para os parados, para os parados desta cidade que nestes momentos teñen o billete subvencionado, chámanlle o bono social.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós si andamos atentos e de feito si que é certo que o Sr. Alonso transmitiume o que se falou na Comisión que foi que íamos falar os grupos sobre a remodelación das liñas, dende logo en ningún momento na Comisión se nos transmitiu que o Goberno ía presentar pola súa conta e na prensa, sen nin sequera transmitirlle aos grupos ese proxecto, un novo mapa de liñas de transporte na cidade, dende logo iso non foi o que se falou porque para isto non había que falar nada, podían terse vostedes calado, porque ao fin e ao cabo o que fixeron foi transmitirllo á prensa e así chegou a información aos grupos, esa é a realidade.

Vostedes o único que están aplicando son recortes no transporte público, vostedes din que hai un problema porque efectivamente coincidimos, o transporte público é deficitario e deciden quitarlle o dereito ao transporte público á persoas ás que lles pasa o autobús por diante da súa casa, están vostedes aplicando as medidas que aplica o Partido Popular aos servizos públicos, é o que

están vostedes facendo.

A nós non nos parece mal que se lle subvencione o billete de autobús aos pensionistas, só faltaba, o que nos parece un pouco peor é que se lle subvencionen os billetes de avión a calquera cidadá de calquera sitio e non se lle queira subvencionar ás persoas desempregadas desta cidade que non teñen ningún tipo de ingreso e precisamente esas persoas se non soben ao autobús e porque non teñen unha subvención, porque a crise non é o que fai que descenda o número de viaxeiro, ou acaso cando hai crise e máis desempregados se usa máis o coche, pois non, precisamente ao contrario, pero vostedes non están atendendo esa necesidade. Son vostedes os que non están facendo nada para solucionar os problemas de acceso das persoas da nosa cidade ao servizo público de transporte e non están facendo nada para mellorar a situación dos aparcadoiros públicos porque como xa denunciámos nós tamén aquí, son vostedes os que manteñen os aparcadoiros públicos sen vixilancia nocturna. Son vostedes os que o están facendo porque a súa prioridade é a situación económica das empresas concesionarias e non a situación dos servizos públicos nesta cidade, iso non é boa xestión, insisto, e xa o dixemos nalgún momento neste Pleno, iso non é boa xestión. Fagan vostedes realmente un traballo para mellorar a mobilidade e o transporte nesta cidade porque o problema é cada vez máis grave.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, referente ao servizo municipal de transporte, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(12).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A REDUCIR O CUSTO DO TRANSPORTE PÚBLICO E FACILITAR OS INTERCAMBIOS A TRAVÉS DE MELLORAS NAS TERMINAIS, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 819/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xaneiro de 2014, número 819/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte moción:

“O transporte público enfróntase a unha serie de retos en todo o mundo. Na última década houbo cambios significativos na poboación (cuantitativos, culturais, envellecemento,...). A nosa cidade xera maiores e máis diversas demandas de mobilidade, se realizan máis viaxes urbanos e peri-urbanos,... Ademais, a economía actual está cada vez máis orientada o servizo e fomenta que as persoas queiran elixir dentro dun abanico máis amplo e flexible.

Moitos servizos de transporte público actuais foron establecidos antano como é o caso da nosa cidade, nunha época na que a maioría dos viaxes eran fixos e rutinarios. Agora, o transporte público ten que adoptar un enfoque moito máis flexible e competitivo para satisfacer as necesidades dos clientes de hoxe en día. Para que progrese de forma significativa o transporte público ten que estar totalmente orientado ó servizo e mellorar a súa calidade (fiabilidade, frecuencia, comodidade, prezo etc), imaxe e credibilidade.

Ademais de máis mobilidade (e dicir, máis frecuencia e máis extensión), os cidadáns esixen tamén unha mobilidade de maior calidade e sen interrupcións. Isto require que o conxunto de medios e servizos a disposición dos clientes para satisfacer a súas necesidades de mobilidade por traballo, estudo, turismo, estean integrados formando un sistema homoxéneos nun área xeográfica ampla (e que a diversidade de operadores, de ámbitos competenciais e de

responsabilidades sexa transparente para os clientes)

A integración e homoxeneidade ten que ser física, operacional, tarifaria e informativa.... A integración tarifaria permite utilizar os diferentes medios de transporte (Metro, autobús, tranvía, ferrocarril,) nun mesmo desprazamento dentro do ámbito territorial e temporal concreto; a física mellora a accesibilidade externa e interna; a operacional permite a coordinación e a intermodalidade; a integración informativa incide decisivamente na credibilidade do sistema, na utilidade para os clientes habituais e na posibilidade de acceso o mesmo de clientes potenciais.

Integrando diferentes modos de transporte, tanto colectivos como individuais, pódese ofrecer os cidadáns de Vigo unha mobilidade completa sen interrupcións. O obxectivo final e prover e facilitar o uso de transporte público que ten unha definición máis complexa que antano. Para elo o sistema en toda a súa totalidade ten que ser eficaz, efectivo e eficiente (e non so cada un dos seus compoñentes)

Polo tanto, e vital asegurar a coherencia entre os diferentes modos e partes que interveñen nun sistema de transporte público (os operadores, os titulares e terceiras partes). Todos están implicados na consecución da calidade e a contribución de cada parte é imprescindible para o bo resultado. Isto require:

- Coordinación de accións concretas destinadas a mellorar a calidade e a imaxe do transporte público por parte das autoridades e operadores.
- Novas formas de asociación baseadas na cooperación xusta e duradeira (destinada a cumprir os requisitos dos viaxeiros e a proporcionar un sistema completo de transporte que amplíe o concepto tradicional do transporte público.
- Colaboración institucional para que diferentes titulares coordinen actuacións de mobilidade, etc,i.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

“Instar ao goberno municipal a que acometa tódalas accións necesarias para:

1.- Reducir o custo dos desprazamentos interurbanos en transporte público que fan os Vigueses equiparándonos polo menos o resto de urbes galegas, tendo sempre en conta a necesaria implantación dun bono social en función da renda e situación laboral e física.

2.- Aumentar e facilitar os intercambios entre transportes tanto urbanos como metropolitanos a través de melloras nas terminais de intercambio, puntos de parada adicional.

3.- Tomar as accións necesarias para mellorarlle os Vigueses a oferta e a

eficiencia para desprazarse no transporte público interurbano de forma universal que non xere agravios comparativos e discriminatorios de forma que teñamos máis servizos dentro dun sistema tarifario integrado e igualitario.

4.- Xerar melloras na información, promoción e nas infraestruturas de maneira que se poda acometer a integración absoluta entre o transporte urbano e metropolitano facilitando o acceso o mesmo e mellorando a súa eficacia e eficiencia. “

A Comisión Informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. ARAÚJO PEREIRA: O transporte público enfróntase a unha serie de retos en todo o mundo. Na última década houbo cambios significativos de poboación cuantitativos, culturais, embelecemento, a nosa cidade xera maiores e máis diversas demandas de mobilidade, realízanse máis viaxes urbanos e interurbanos, ademais a economía actual está cada vez máis orientada ao servizo e fomento das persoas que queiran elixir dentro dun abanico máis flexible de transporte. Moitos servizos de transporte público actuais foron establecidos antano, como é no caso da nosa cidade, nunha época na que a maioría das viaxes eran fixas e rutinarias. Agora o transporte público ten que adoptar un enfoque moito máis flexible, competitivo para satisfacer as necesidades dos clientes de hoxe en día. Para que progresa de forma notable o transporte público ten que estar totalmente orientado ao servizo e mellora da súa calidade, isto é fiabilidade, frecuencia comodidade e prezos, Sr. Regades e Sr. Alcalde. Iso xera imaxe e credibilidade no transporte e fai que os usuarios o acepten e o usen, ademais de máis mobilidade, é dicir, máis frecuencia e máis extensión. O que me preocupa diso que acaba de dicir o Sr. Regades, máis liñas, máis quilómetros ano, Sr. Regades o contrato de VITRASA nesta cidade está limitado en número de quilómetros, non sei se o negociaron con eles ou vai cargar máis a esta cidade de custos para anos futuros, que creo que vai por aí a liña.

Máis liñas e máis quilómetros, non o digo eu, hai unha análise de gravidade da situación do transporte urbano e metropolitano a nivel económico actual na cidade onde fai o informe o Interventor, os técnicos municipais, o responsable da Área de Fomento, o da de Área Transporte, onde VITRASA pide que se lle compense por un prexuízo económico sufrido ata o momento como consecuencia da conxelación tarifaria cifrada en 813.714 euros, esa conxelación que aquí o noso Alcalde dixo que non, que o autobús non ía subir, non sobe pero o temos que pagar todos, Sr. Alcalde, ao final pagámolo, entón non queira enganar aos cidadás que son bastante listos e saben que se pode subir directa ou indirectamente a través de impostos os custes que temos que pagar. Sobre este punto tódolos técnicos municipais, Interventor, Xefe da Área de Fomento e Xefe de Área de Transporte confirmaron o que nós demandamos durante o ano 2013, como dicíamos o Alcalde estaba negando esta situación e enganaba aos vigueses. Tamén fala de que se compense o desequilibrio causado polos transbordos segundo VITRASA, 7.654.961 euros, case oito millóns, o Concello cifra a favor do propio Concello 8.714.057 euros, pero é que isto seguramente acabe nun litixio que nos custará tamén cartos aos vigueses, se compense polo número de quilómetros feitos en exceso, segundo VITRASA fixeron 10.033.581 quilómetros, que polo que nos está contando o Sr. Regades aumentaron o número de quilómetros ano, co cal seguirá aumentando isto, e a concesionaria di que se lle debe 43.308.837 euros, corenta e tres millóns de euros quebrarían as arcas deste Concello e a situación económica de tódolos vigueses, Deus queira que non vexamos que algún xuíz lle dea a razón á concesionaria porque senón haberá un único responsable, que é ese que está sentado aquí que preside este Pleno.

Leva sete anos gobernando Sr. Alcalde, quero saber o que fixo en sete anos. Eu só o presénto á cidadanía para que saiban aos riscos aos que os está levando este Concello.

A integración na mobilidade ten que ser físicas operacións de tarifa e informativas, a integración tarifaria permite utilizar os diferentes medios de transporte, metro, autobús, tranvía, ferrocarril, etc. un mesmo desprazamento no ámbito territorial e temporal concreto. A física mellora a accesibilidade externa e

interna, a operacional permite a coordinación e a intermodalidade. A integración informativa incide decisivamente na credibilidade do sistema, na utilidade para os clientes habituais e na posibilidade de acceso a clientes potenciais.

SR. ALONSO PÉREZ: A verdade é que hai aspectos da moción que están ben, reducir o custe de desprazamentos interurbanos, aumentar e facilitar intercambiadores de transporte, mellorar as infraestruturas para cometer a integración entre o transporte urbano e interurbano, están ben pero o problema é que son competencia da Xunta de Galicia, todo o que é transporte metropolitano é competencia da Xunta de Galicia.

Aquí para solucionar os problemas do transporte temos dous grandes problemas, por unha banda necesitamos un plano de mobilidade que teña en conta os fluxos, de onde a onde se vai, para que, para traballar, para ocio, etc. que volume de xente se despraza, que días da semana, e con tódolos datos hai que elaborar un plano de transporte metropolitano, como antes anunciou na moción a compañeira a Sra. Veloso.

O plan ademais debe integrar tódolos sistemas de transporte, os que hai hoxe e os necesarios no futuro, autobús, metro, tranvía, tren, bicis, transporte da ría, todo debe estar integrado ademais hai que solucionar os problemas dos billetes, dos prezos, hai que coordinalos, hai que poñer aparcadoiros disuasorios na entrada da cidade para que a xente que ven con vehículos privados teña onde deixar o seu coche de maneira gratuíta, hai que coordinar os diferentes tipos de transporte en nodos de comunicación e algunhas destas cuestións abórdanse na moción que acaba de presentar o Partido Popular, pero despois son contraditorios porque onde teñen competencia fan o contrario, no transporte da ría acaban de reducir horarios, acaban de facilitar a suba do transporte, non queren que a Xunta de Galicia declare de interese público ese transporte, ou sexa que onde teño competencias actúo ao contrario e logo lle esixo a administracións que non teñen a competencia que tome medidas sobre asuntos que lle competen á Xunta de Galicia, esa é a gran contradición.

Se o problema de alternativas e de plano de transporte é realmente complicado e moito máis o problema político, aí é onde está o nó do problema. Para facer

realmente un transporte competitivo, para dar alternativas ao transporte necesítanse gobernos que teñan vontade de facelo, e eu non vexo nin na Xunta de Galicia, nin no Goberno de Vigo vontade de dialogar, están pensando no inmediato, no voto, en rendibilizar a súa oposición o un ou a outro, e así con esta situación política é moi difícil que se aborde o problema do transporte metropolitano. Eu creo que imos necesitar que o Bloque Nacionalista Galego volva a dirixir algunha desas administracións, a Xunta de Galicia ou o goberno de Vigo ou as dúas para solucionalo, como non volva o Bloque Nacionalista Galego isto non se arranxa, porque o Partido Popular e o Partido Socialista vailles ben enfrontarse. Cando o Bloque Nacionalista Galego gobernou na cidade de Vigo, o Alcalde o Sr. Lois Pérez Catrillo conseguiu a declaración de Soutomaior para poñer de acordo a tódolos alcaldes de tódalas cores políticas para impulsar a Área Metropolitana, deixou de estar o Bloque Nacionalista Galego no Goberno de Vigo, así está a Área Metropolitana desaparecida, non hai vontade, vailles ben co enfrontamento, entón non hai solución, o eixe é o maior problema que ten o transporte metropolitano, que o Bloque Nacionalista Galego que toma alternativas a longo e a medio prazo para solucionar os problemas e non estar mirando o inmediato, o voto, como están facendo o Partido Popular e o Partido Socialista.

A moción está ben, ten aspectos interesantes pero imos absternos porque a maioría, a filosofía da moción depende da Xunta de Galicia entón vostede o que ten que dicirlle ao Sr. Feijóo é que precisa dialogar co Alcalde de Vigo para aquilo que é a súa competencia, porque se fora competencia do Goberno Local eu votaría a favor desta moción, pero as medidas que propón son competencias da Xunta de Galicia, polo tanto imos absternos na moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Necesitaríamos para falar do transporte seguramente toda a mañá porque tódalas melloras que se fixeron, que se están facendo e seguiremos facendo na cidade, porque van ser uns meses de continuos cambios. Vemos entre o público ao Presidente dos veciños de Sampaio, e vemos ao Presidente dos veciños de Sárdoma que o outro día falando con eles celebraban unha nova conexión a Moledo co liña 18, e Sampaio o outro día falando con eles

tamén celebraban unha nova conexión con García Barbón e a estación de tren e a substitución da liña C4 pola liña 24 con máis percorrido, máis directa e máis próxima á cidade e as necesidades dos cidadáns. Tamén falando cos veciños de Bouzas satisfeitos polo servizo directo deste cambio á Praza de España e ao Hospital do Meixoeiro coa liña 13 que tanto demandaban, e un novo servizo directo dende Tomás Alonso á Praza de España, pero tamén están satisfeitos os veciños de Navia coa conexión directa á Praza de España, estación de autobuses, hospital do Meixoeiro, e sen transbordos, reclamación histórica deste barrio da cidade. Pero os veciños de Navia tamén estaban satisfeitos coa conexión da parte baixa de Teixugueiras con Gran Vía e Praza de España, inexistente ata ese momento, tamén o veciños de Navia coa mellora e distribución das frecuencias da liña 15 A, B e C e a liña 13, esta última Teixugueiras, Bouzas, Meixoeiro, ininterrompida todo o día, como vostedes saben, antes dende as dúas da tarde ata catro da tarde non había autobús de Navia ao Meixoeiro, agora os veciños de Navia van ter esa liña. Pero tamén están satisfeitos os veciños de Salgueria que tamén falamos con eles, pola ampliación do servizo a Moledo e a Pauleira a través da liña 18, pero tamén están satisfeitos os veciños do Freixo coa substitución da liña 20 pola L17 con conexión directa ata Policarpo Sanz que non tiñan, con conexión directa a Sanjurjo Badía que non tiñan, e conexión directa á Guía e sen transbordos. Pero tamén están contentos e satisfeitos os veciños de Matamá coa conexión directa ata Policarpo Sanz que non tiñan, a Sanjurjo Badía que non tiñan, á Guía que non tiñan e todo isto sen transbordos coa liña 17, señores do Partido Popular. Melloramos as frecuencias na parroquia de Matamá porque tiñamos un autobús cada 60 minutos, agora imos ter un autobús cada 30 minutos. Beade que falou o Alcalde directamente cos veciños e coas veciñas xa hai catro meses, porque esta remodelación é de traballo constante, de moitas horas, de moita dedicación, dos técnicos municipais, dos técnicos de VITRASA, de técnicos externos e do Alcalde e dos seus concelleiros, concelleiros en plural porque este é un traballo de equipo, de todas/os. En Beade fixemos nova conexións directas con Candeán, coa Avenida do Aeroporto, melloramos a puntualidade, sobre todo os fins de semana que eran de cincuenta minutos a ter un servizo cada trinta minutos, iso é mellorar o transporte e vostedes pínteno

como queiran.

Novos servizos tamén en Beade, a zona de Presas que non chegaba o autobús, agora vai chegar e o polígono de Seixiños, que non chegaba o autobús, agora vai chegar ao polígono de Seixiños, e chegaría a máis sitios se aquela moción que aprobamos por unanimidade neste Pleno, que lle dicíamos á Deputación que nos arranxaran un vial para poder levar o autobús e conectar Beade con Valladares se fixera, a día de hoxe non se fixo, incumpren as mocións, incumpren todo e non traballan por esta cidade, traballan polos seus intereses políticos. Tamén melloramos as liñas en Candeán e falamos cos veciños a súa presidenta mostrábame a súa satisfacción a pasada semana, conexións e destinos novos, á Praza de España, á Camelias e a Castrelos e tamén a Zamáns, unha parroquia que vostedes quitaron do mapa, seis novas expedicións os sábados e catro novas expedicións os domingos, porque a periferia da cidade, o rural de Vigo ten que estar atendido por iso tamén nos lembramos de Saiáns e un novo servizo os sábados e os domingos ao centro coa liña 10 e a liña 11 que non tiñan e agora teñen. Máis frecuencias os fins de semana tiñan un autobús cada sesenta minutos e agora téñeno cada trinta, isto é mellorar. E todo isto a custe cero, porque vostede lia o informe do técnico municipal de Fomento, de Transportes, do Interventor e aí esqueceuse de dicir unha cousa, vostedes tiñan compracencia coas concesionarias, nós reclamámoslle o 30% dos beneficios da concesionaria, que investimos nos cidadáns, que facían vostedes con ese 30% dos beneficios cando gobernaban, que facían.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Que dicirlle, non ten porque vendernos o Plan que presentaron o venres, seguramente sexa moi bo, non estamos dicindo o contrario, non nos deu tempo nin a estudalo e o peor é que nin o coñecíamos cando se nos dixo nunha Comisión que se nós ía dar a coñecer, pero vostedes o presentan sen dalo a coñecer e sen valorar posibles achegas que se poden facer, pero xa non nos interesa tanto a nosa opinión como grupo municipal que si, que ao final representamos a case 70.000 vigueses, pero si nos preocupa que non se lle dera a coñecer, nin se presentara nas asociacións e nos representantes veciñais porque vostedes os usan, din que todos están moi contentos que falan

con todos eles, nós tamén falamos e descoñecíamos este Plan ata que se presentou e o raro é que estean tan contentos como vostede di e segan baixando o número de usuarios de transporte colectivo nesta cidade, co cal é verdade que o transporte debe ter algún tipo de deficiencia porque seguen baixando.

Non nos venda un plan que aínda non implantou, que só o escribiron e escribiullo a concesionaria, vostedes farían achegas e entendo, obviamente, que os funcionarios municipais responsables das áreas e como bos técnicos haberán supervisado este traballo, non podería ser doutra maneira senón incorreríamos nalgún tipo de ilegalidade.

Nós pedimos nesta moción Sr. Alonso, a implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que é un documento bastante máis extenso que isto que é a presentación, que tiveron reunións con eles para a posible implantación e non chegaron a acordo, non nos digan porqué, parece que non lle interesa que entre xente na cidade por iso estalle quitando os bonos á xente veciña desta cidade e fan gasto nesta cidade terá que falar cos comerciantes para ver se ese gasto lles interesa ou non, pero que fan gasto e traballan nesta cidade, e teñen familia nesta cidade tamén lle lembro, porque a vostede impórtalle os votos, entón lémbrollo.

Nós falamos da implantación que sen Area Metropolitana, sen metrópolis non hai Plan de transporte Metropolitano, sería un plan de transporte interurbano, por iso esta cidade é decisoria para a implantación e tense que decidir.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, referente ao desprazamento en transporte público, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(13).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A FACILITAR A INFORMACIÓN REFERENTE AOS PLANS DE EMPREGO CONCEDIDOS Á FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO”, ASÍ COMO Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE CONTROL E DUN EQUIPO DE TRABALLO. EXPTE. 820/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xaneiro de 2014, número 820/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Alonso Alonso, formula a seguinte moción:

“As recentes denuncias realizadas pola directiva e as asociacións veciñais que integran a FAVEC, evidencian un trato absolutamente discriminatorio cara a este colectivo por parte do goberno municipal e do alcalde.

Desde hai tempo, este trato pon en serio perigo a continuidade do traballo social e de representación cidadá que desenvolve a FAVEC desde hai décadas.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1-Entregar aos grupos municipais toda a información referente ao expediente dos diferentes plans de emprego concedidos á Federación Veciñal de Vigo Eduardo Chao.

2-En prol de fomentar a Participación Cidadá e a transparencia, solicítase a creación dunha comisión de control destes plans de emprego, para que se cumpra o comprometido.

3-Creación dun equipo de traballo que defina as necesidades reais de cada asociación de cara á concesión de axudas de próximos anos. O devandito equipo

estará conformado polos tres grupos municipais e o alcalde e por 8 membros dos representantes veciñais, que se reunirán polo menos unha vez ao mes, para trasladar todos os problemas, noticias e todo o referente ao movemento veciñal.”

A Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. ALONSO ALONSO: Presentamos esta moción ao Pleno da Corporación porque dende o 2011 as relacións coa FAVE están rotas por parte deste Concello, o Alcalde de Vigo leva dende o 2011 ano de eleccións municipais sen recibir á Federación Veciñal, sen recibir aos representantes dos veciños de Vigo, unha Federación que foi pioneira en España en conformar unha confederación autonómica veciñal, que participou activamente na Comisión Nacional de Asociacións de Veciños, por exemplo na redacción dos estatutos, a FAVE, Federación Veciñal de Vigo foi posta como exemplo a nivel español como unha das mellores en canto a súa estrutura e o seu funcionamento. Ademais Vigo foi a primeira cidade de Galicia en contar cun Regulamento de Participación Cidadá, aprobado polo Alcalde socialista o Sr. Soto. É curioso cun socialista puxera en marcha este Regulamento e parece cun socialista será o encargado de enterrar tanto este regulamento como o movemento veciñal, porque aquí os compromisos coa FAVE non se cumpren. A FAVE e calquera colectivo veciñal ten unha natureza reivindicativa, están para aplaudir cando se acerta pero para facer crítica construtiva, iso forma parte da súa razón de ser.

Esta cidade está gobernada por unha persoa que non sabe aceptar as críticas de ningún tipo, nin as construtivas nin as de ningún tipo, e en vez de analizar ou pensar se pode estar equivocado, opta por descualificar e quitarse de en medio a todo aquel que non pense como el. Coa Federación Veciñal atacou non só no colectivo senón no persoal, precisamente hoxe celébrase un xuízo en onde se leva o asunto dos despidos das traballadoras dos Centros Cívicos.

No colectivo asfixiou economicamente á entidade, primeiro reducindo partidas

orxamentarias e logo non tramitando a tempo os expedientes, poden dicir duascenas, trescentas, catrocentas, cincocenas veces que non se presentou a documentación, ou que hai que cumprir a lei. Pero todos sabemos que cando hai vontade política os problemas soluciónanse e cando non a hai pónense paus na roda.

Todos sabemos que é moi importante cumprir a lei pero non o é menos cumprir as palabras e cumprir cos compromisos, iso debería ser tan importante como cumprila lei.

A vostedes dálles igual, non cumpren nin as palabras, nin os compromisos, nin os regulamentos, nin as mocións que se aproban neste Pleno, a vostedes vaille a marcha, son expertos en xerar conflitos, vostedes puxeron a Vigo en corentena, Vigo está illada, non queren que veña a Xunta de Galicia, insultan á Deputación, insultan á oposición, lembremos que un acto da FAVE foi catalogado por vostedes como “non imos pagar as *comilonas* do Bloque Nacionalista Galego”, insultan ao Partido Popular constantemente, aos empresarios chegaron a descualificalos chamándolles delincuentes, cargáronse vostedes a Fundación Provigo, Peinador segue en caída libre a pesares de ter xa orzamento, o problema dos cartos agora non sabemos cal é o problema, os veciños da Área Metropolitana pónenlles vostedes trabas tamén, non se que pensarían os veciños de Ponteareas de que non poidan usar agora a tarxeta verde.

A vostede non lle da a gaña de que o Partido Popular invista nesta cidade, e o exemplo claro témolo no Porto de Vigo, que tamén segue sendo unha illa coas obras paradas porque vostedes están poñendo a Vigo en corentena, agora non contentos con todo isto enfrontase tamén aos veciños, a Federación Veciñal, á que, lembremos, vostede abriulle as portas, o Alcalde abre as portas á FAVE tras o cambio da directiva, unha directiva que vostede tamén quixo aniquilar, lembremos que estaba presidida pola Sra. Elena González e tamén a exterminou vostede. O Partido Popular non vai tolerar estas actitudes e por iso presenta esta moción para blindar, governe quen governe neste Concello, presida quen presida na Federación Veciñal de Vigo, a súa participación neste Concello, e ten como obxectivo solucionar tamén a situación económica da FAVE que deben máis de 100.000 euros polos non pagamentos deste Concello.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos ver si clarexamos algo aquí que é importante. A concelleira do Partido Popular acaba de facer todo un relatorio das cousas positivas e interesantes, que nós coincidimos con elas, que ten feito nesta cidade a Federación Veciñal, coincidimos plenamente en todo ese relatorio e nós, o Bloque Nacionalista Galego, precisamente foi un concelleiro do BNG quen puxo en marcha aquel Regulamento de Participación Cidadá que efectivamente co Alcalde o Sr. Soto foi concelleiro o noso compañeiro o Sr. Lois Pérez Castrillo e foi quen puxo en marcha ese Regulamento de Participación Cidadá que foi un claro exemplo de traballo democrático en pos da participación do tódolos veciños/as. Estamos de acordo, pero o que non entendemos é despois de todo o que vostede acaba de dicir, non entendemos que é o que vostedes pretenden coa moción que presentan, porque a moción di: entregar aos grupos municipais toda a información referente ao expediente dos diferentes plans de emprego concedidos á Federación Veciñal de Vigo, e di: solicítase a creación dunha comisión de control destes plans e emprego, e terceiro, a creación dun equipo de traballo que defina as necesidades reais de cada asociación cara a concesión de axudas dos próximos anos, é dicir, o problema da Federación Veciñal non é este, o problema da Federación Veciñal non é o Plan de Emprego, que o puxo en marcha a Federación Veciñal e a verdade con gran éxito porque foi quen de empregar a un certo número de persoas e ademais de facer uns servizos de cara as asociacións de veciños e a veciñanza en xeral, que foron aplaudidos por todo o mundo. Vostedes despois do que falan o que din nesta moción é que vostedes o que queren é controlar á Federación Veciñal, controlar politicamente á Federación Veciñal, en absoluto imos votar nós esta moción. O problema da Federación Veciñal non é o Plan de Emprego, o problema é que en dous anos para aquí existe unha ausencia total de diálogo deste Goberno Municipal e do Alcalde desta cidade para e coa Federación Veciñal, ese é o problema, que non hai a vontade política por parte deste Goberno Municipal de querer chegar a un diálogo que solucione os problemas que ten e que lle de un impulso real ao movemento veciñal en xeral na nosa cidade, ese é o problema non o que vostedes poñen nesta moción. Os problemas da Federación Veciñal non se solucionan con

controlar á Federación Veciñal, o Bloque Nacionalista Galego nunca estará de acordo con que os movementos sociais, veciñais, culturais e de todo tipo sexan controlados polo poder político, o poder político ten que colaborar porque están facendo un servizo substitutivo do servizo que terían que facer as distintas administracións.

Por iso, nós presentámoslle unha emenda de substitución ao que vostedes propoñen, que cremos que si vai ao fío da cuestión ó nó da cuestión, que é esa ausencia de diálogo. Por iso nós propoñemos que, en lugar desta moción que vostedes presentan para controlar á Federación, apróbese outra que substituíra a esa e que diga a “Corporación Municipal insta ao Alcalde e ao Goberno Local a retomar de xeito urxente o diálogo coa FAVE e a solucionar tamén urxentemente os problemas derivados por mor de non ter asinado o Convenio anual do 2013 e ademais de axilizar os pagos pendentes con esta Federación”. Iso si que é o que nós escoitamos que é o problema da Federación Veciñal, non máis control, nin sequera tampouco o problema é o Plan de Emprego que repito, que foi un Plan de Emprego cun gran éxito entre as asociacións e tamén entre o movemento veciñal en xeral.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu Sra. Alonso téñoille que dicir algo que xa lle comentei noutra moción, que vostede non prepara os temas e ademais os descoñece, se non non se entendería a intervención que vostede acaba de facer. Non estou para nada de acordo co que vostede propón, en definitiva dígolle que vostede mente, hai algunha cuestión que si lle vou rebater antes de entrar en materia que é que esta cidade está gobernada polo mellor Alcalde, Abel Caballero de sempre, e ese é o problema que teñen vostedes para atopar candidato para poder presentarse ás eleccións. En segundo lugar, cando no Porto está paralizadas as obras porque as declararon os tribunais ilegais e vostedes navegan na ilegalidade permanente e na mentira. Imos ao que nos ocupa que iso non lle interesa a vostedes, na tramitación do Plan de Emprego de 2012-2013 axustouse á lei, á concorrència competitiva e aos convenios como o da FAVEC asináronse nominativos, a FAVEC en 2012 recibiu 135.961 euros para vinte e un contratos de duración de cinco meses de novembro de 2012 a marzo de 2013,

xustificaron 128.633 deixaron de xustificar 7.300 euros, 2013 aquí concorreron corenta e dúas entidades veciñais, sociais e esencias, empresariais, comunidades de montes, sindicais, coidadores de barrios, coa mesma duración, un orzamento 1.392.000; en 2013 foron 2.532.000 concursaron setenta e dúas entidades, á FAVEC un convenio de 50.000 euros, vinte e un contratos de duración de dous meses, abril e maio, xustificaron 44.687, é dicir, deixaron de xustificar 5.300 euros. Somos o Concello que máis colabora coa Federación de Asociación de Veciños, a Deputación de Pontevedra colabora con 23.200 euros e nós con 130.000 euros e non o dicimos nós, documentos oficiais da FAVEC, a Xunta de Galicia non aparece aquí para nada, señores do Partido Popular.

A seguinte cuestión é que os expedientes, Sr. Alonso, están a súa disposición porque foron aprobados en Xunta de Goberno Local, polo tanto temos a súa disposición, non como temos que facer o Partido Socialista na Deputación de Pontevedra que temos que acudir aos xulgados para que nos dean o expediente de Pasarón, están na tramitación habitual, van en prazo e a tramitación é igual para todos, quérolle lembrar tres que están coa FAVEC tamén asinados para abono, a Universidade de Vigo, a Federación Provincial de Hostelería e a Asociación de Veciños de Lavadores, están na mesma situación de pago igual que a FAVEC, polo tanto non hai discriminación ningunha.

Segundo, pedimos a mesma documentación casualidade nesta última xuntanza da Deputación de Pontevedra pídenlle exactamente o mesmo e saben por que, porque hai que axustarse a Lei Xeral de Subvencións e din que hai que estar ao corrente coas obrigas da Axencia Tributaria, da Xunta de Galicia e a Seguridade Social e do Concello e aquí a FAVEC di que non está ao día coa Axencia Tributaria porque este si que o podemos pedir nós, e aínda a FAVEC non aportou a documentación de estar ao corrente do pago, a mesma que teñen que aportar todo o mundo, non só eles.

Polo tanto, quérolles dicir que se vostedes buscan a confusión co Plan de Emprego e tamén se buscan a confusión co convenio da FAVEC, quérolle dicir que a FAVEC foi requirida repetidas veces por este Concello, polos funcionarios do Concello para que presentaran a documentación, saben cando presentaron a documentación do convenio de 2012? En xuño de 2013, e cinco días despois se

Ile instou dende o Concello para que viñeran a asinar o novo convenio, houbolles que requirir o 4 de outubro de 2013, 24 de outubro 2013, por teléfono, con xuntanzas, chamándoos para que trouxeran a documentación para facer o convenio e pagalo e a día de hoxe non temos o certificado de que están ao corrente de pago, igual que lle esiximos a todos e igual que lle esixe a Deputación de Pontevedra a tódalas entidades, porque é cumprir a legalidade e non hai outra maneira, vostedes non están acostumados a cumprir a lei.

Polo tanto, de asfixia económica nada, pero voulles dicir máis, quen paga isto que pon aquí Xunta de Galicia, corenta monitores que dicía o Sr. Fidalgo que despediran, tamén os ten que pagar o Concello? Ten que pagar o Concello os da Xunta de Galicia?.

SRA. ALONSO ALONSO: Eu non lle pido os datos do que eles xustificaron ou non, píddolle o que vostede pagou ou non pagou porque non pagaron, vostedes pagan moi ben pero a FAVEC non lle pagaron. Non me vou a dirixir a vostede porque vostede en materia de Participación cidadá non pincha nin corta, en tal caso dirixireime ao Sr. Alcalde que é o que materializa e capitaliza tódalas concellerías deste Concello, e voume dirixir tamén ao Sr. Domínguez e ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego que son os que teñen a batuta para que o Alcalde sega aí sentado.

Nós presentamos esta moción e vostede leu o que lle interesou da moción, di que o Partido Popular queremos controlar os plans de emprego, non sei onde leu vostede iso, aquí di: solicítase unha creación dunha Comisión de Control destes plans de emprego para que se cumpra o comprometido, que é o comprometido?. Hai que ler ven as mocións e non facer demagogia, por favor.

O terceiro punto, creación dun equipo de traballo, con que finalidade con que non se volva a romper o diálogo da federación veciñal con este Concello, non ten como fin controlar a ninguén. Nós sabemos perfectamente quen son os contratados de tódolos plans de emprego porque estamos nas asociacións veciñais, nas comunidades de montes e vémoslos, sabémolos, con nomes e apelidos e parécenos moi ben estes plans de emprego, ninguén quere controlar a ninguén. Non fagan demagogia, apoien á FAVEC, non se laven as mans, e non

apoien a estas persoas que levan tres anos sen recibir á Federación Veciñal de Veciños.

Sr. Alcalde vostede nomeou no 2013 á Federación Veciñal de Veciños, “Viguesa Distinguida”, porque non a recibe, nomeouna vostede “Viguesa Distinguida”, o Concello no 2013 nomeouna “viguesa distinguida”, o Pleno, vostedes votaron a favor, recíbanos por favor.

Por último dicir que vostede é actualmente un empregado público, cobra deste Concello e ten como misión atender e solucionar os problemas deste Concello, vostede non pode seleccionar e facer unha axenda persoal, o día que deixe de ser Alcalde poderao facer e seleccionar a quen recibe e a quen non. Ten que recibir aos veciños e solucionar os seus problemas, a unha directiva que foi elixida democraticamente pódelle caer a vostede mellor ou peor, pero vostede ten que ao menos escoitala, deixe vostede de ser o Alcalde de axendas persoais, de conflitos e de desprezos. A FAVEC ten unha débeda en aumento de máis de 100.000 euros motivada polos atrasos dos pagos por parte deste Concello.

Sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego, doulles a opción de que incluía pero que se retire o segundo punto se así o desexan. Que se pronuncie o Sr. Domínguez se se retira o segundo punto que é problema que di que non queren un Control de Comisión, cando non é así, e estoulles dando a opción de que se incluía o punto da emenda que propón, que nos parece perfecto o que propón o Bloque Nacionalista Galego, e se retire o punto dous, se esa é a intención que eles din, que se pronuncien.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como expliquei antes a emenda do Bloque Nacionalista Galego é unha emenda de substitución porque toda a moción do Partido Popular vai en prol de controlar á Federación de Veciños, con algo que non estamos de acordo.

PRESIDENCIA: Antes da votación e con respecto á intervención da Sra. Alonso, con tódolos respectos, encantaríame que esa posición do Partido Popular con respecto ás axendas Ila trasladara ao Sr. Feijóo, porque o Alcalde de Vigo leva tres anos esperando unha entrevista co Presidente da Xunta de Galicia,

reiteradas tan pronto se renovou o Goberno hai un ano, e levamos tres anos e un ano esperando só contestación do Presidente da Xunta de Galicia ao Alcalde da máis importante cidade de Galicia, para unha entrevista para tratar dos problemas das viguesas/es. O Sr. Feijóo que ten tempo para tantas cuestións, parece non ter tempo para recibir nada menos que ao Alcalde de Vigo, non ao Sr. Abel Caballero, que iso é o de menos, ao Alcalde de Vigo.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Alonso Alonso, instando información sobre os Plans de emprego concedidos á Federación veciñal "Eduardo Chao", co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(14).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A RETOMAR O TRABALLO DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A PROL DAS NECESIDADES DE TÓDOLOS

VIGUESES/AS. EXPTE. 822/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de xaneiro de 2014, número 823/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, formula a seguinte moción:

“O papel que debe de xogar a Concellería de Igualdade é atender, sobre todo, ás necesidades das persoas, das viganesas e os viganeses, en actuacións de tanta importancia como a conciliación familiar, a violencia de xénero, etcétera. É inasumible que unha parte do seu traballo sexa realizar arengas partidistas ou incluso acadar ingresos para determinadas plataformas, cando debería de centrarse nos problemas das persoas, sexan da ideoloxía que sexan, e en cuestións institucionais. É unha utilización totalmente partidista das institucións.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Instar ao goberno municipal a retomar o traballo da Concellería de Igualdade en prol das necesidades das viganesas e viganeses en lugar de utilizar unha institución dun xeito político tendencioso, partidista e completamente reprobable.”

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O xoves 16 de xaneiro, ás oito da tarde, houbo unha concentración organizada pola Marcha Mundial polo dobre asasinato que se producira en Cervo Lugo, como ven sendo habitual diante do Marco. Dende o Partido Popular quixemos estar para mostrar o noso rexeitamento ante este crime, ante calquera outro crime e por suposto apoiando ás mulleres, como non podía ser doutra maneira.

A pesares de que na maioría das ocasións nos manifestos que se len, só escoitamos críticas contra o Partido Popular e din pouco polas vítimas os seus fillos ou as súas familias, sobre todo ao que se dedican nestas concentracións é a facer política. A un rapaz que estaba no acto, había algunha bandeira dalgunha

organización pero poucas, e ao ser tan poucas persoas as que estabamos alí, a este rapaz que estaba ao meu carón díxenlle que suxeitara a pancarta coa idea de facerlle partícipe porque a esa hora facía frío, había pouca xente, para facerlle máis dinámica e participativa o feito de acudir á concentración, que me pareceu algo moi notable que houbera alí un neno, cando se dispoñía a coller a pancarta unha representante dunha organización feminista socialista díxolle ao neno “os homes non”, concretamente esa asociación, Asociación de Mulleres Progresistas, é do PSOE, abstéñome de comentar o nivel persoal de algunhas representantes, pero esa asociación é a que se leva un terzo do orzamento da Concellería de Igualdade para xestionar distintos programas da Concellería. Esta claro para que serven determinadas organizacións que o Concello de Vigo está apoiando economicamente, organizacións cheas de extremistas, de radicais e de persoas que son capaces de insultar e agredir se non lles das a razón ou se non pensas igual que elas.

Lembro ademais no ano 2007 cando vostedes empezaban a gobernar que había unión en temas tan importantes como a violencia de xénero a celebración do día internacional da muller e despois de que o Bloque Nacionalista Galego, sectarios onde os haxa con respecto a este tipo de problemáticas e o Partido Socialista pasaran pola Concellería de Igualdade, a día de hoxe a celebración do 8 de marzo “o día da muller”, ou o 25 de novembro contra a “violencia de xénero” e as concentracións volvéronse totalmente radicais, e apoiada e fomentada esta situación pola Concellería de Igualdade. Ultimamente dedícanse ademais a lanzar correos invitando a actos de protesta ou manifestacións apoiadas por determinados colectivos feministas e en moitos casos o contido deles nada ten que ver co cometido do seu traballo. Unha concellería é un departamento institucional e debe comportarse como tal, non tomar partido por determinadas teses e descoidar o seu traballo, excepto os traballos que fan nos colexios que teñen aos nenos alí sentados, todo o demais que organizan está practicamente baleiros, vostedes asisten máis ben pouco e os contidos son tan sectarios que xa aburren incluso aos seus, cambie de rumbo Sra. Abelarias que o que cría corvos quédase sen ollos.

SRA. VELOSO RÍOS: Non sei se podemos enfiar a primeira intervención da Sra. García Míguez con esta, e prefire que a Concellería de Igualdade deste Concello se dedique a parchear fochas e a iluminar auditorios ou a loitar contra o “picudo vermello”, pero creo que esta moción está absolutamente fora de lugar e dende tódolos puntos de vista.

Fala vostede de asociacións de mulleres nesta cidade cheas de extremistas radicais agresivas que van pegándolle á xente por aí, agredindo, e creo que o único que está reflectindo vostede é unha realidade e é que hai movementos sociais nesta cidade, como no resto do país e como no resto do Estado, que están manifestándose e reaccionando a un goberno do Partido Popular no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta de Galicia realmente cheos de extremistas radicais que queren eliminar tódolos dereitos das mulleres, e que queren facernos retroceder como mínimo ao século XIX. Entón ten que haber unha reacción, e como vostede non está conforme con esa reacción creo que a percibe subxectivamente dunha maneira un pouco máis violenta do que é en realidade.

Paréceme que a Concellería de Igualdade ten unhas funcións moi claras e hai un Plan de Igualdade aprobado que ademais espero que non tarde moito en chegar o vindeiro Plan de Igualdade e o que ten que facer é apoiar ás asociacións de mulleres que nesta cidade conseguiron co seu traballo moitos dereitos para as mulleres de Vigo, por exemplo que poidan conducir VITRASAS, que non é mérito precisamente do concelleiro actual senón do propio Consello Municipal da Muller. Ademais é que ten gracia que sexa o Partido Popular quen fala de utilizar as institucións ao servizo dunha ideoloxía, que sexa precisamente o Partido Popular que integrou na rede pública sanitaria galega a unha asociación como a Red Madre, que figura na páxina web do SERGAS, que por lei está encargada de dar información, e imos poñer o da información entre comiñas senón que máis ben poderíamos dicir de manipular ás mulleres embarazadas do noso país, é curioso que sexa o Partido Popular que é precisamente quen legislou na Xunta de Galicia para aprobar unha lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia, que vou dicir o que o Consello Económico e Social de Galicia di no seu ditame sobre esta lei, o CES entende que este anteproxecto de lei é regresivo xa que leva implícitos graves recortes dos dereitos das mulleres, facendo retroceder moito tempo atrás

os avances sociais, así como pola profunda carga ideolóxica que leva consigo, recuperando a retórica da familia heterosexual e a maternidade como rol social vital das mulleres, o cal supón o control ao fin de contas da súa vida sexual. O CES, repite no seu ditame unha e outra vez, que a súa lei de apoio á familia e convivencia de Galicia, nin é de apoio a familia nin é de convivencia, que unha lei profundamente ideolóxica que o pretende é devolver ás mulleres as súas casas, poñelas a parir, a coidar dos fillos, a coidar das persoas enfermas, das persoas maiores e das persoas dependentes para aforrarse cartos en servizos públicos. Iso é o que está facendo o Partido Popular en Galicia, apoiar á Red Madre, metela no Servizo Galego de Sanidade, apoiar unha lei como esta que é profundamente ideolóxica e que dende logo non ten nada que ver co que deberíamos estar conseguindo para as mulleres no século XXI.

Vostedes falan de que a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo está utilizándose para unha loita ideolóxica, en todo caso está utilizándose para unha das súas funcións que é apoiar ós movementos sociais desta cidade e apoiar ás asociacións de mulleres para que poidan reaccionar, para que poidan facer fronte a estes ataques terribles, efectivamente, de extremistas de ultra dereita e de radicais que agora mesmo están gobernando neste país e no Estado para recortarnos todo tipo de dereitos. Esa é realidade, é unha auténtica vergoña que faga as intervencións que está facendo vostede neste Pleno e traia unha moción como esta.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Creo que teño que tomar aire, e que non lle quería nin contestar, non merece nin sequera unha resposta dunha muller de Vigo.

Sra. García, son total e absolutamente partidista, estiven e estarei sempre defendendo ás mulleres e ás políticas que defenden as liberdades das mulleres, non estarei nunca como vostede detrás da pancarta co Sr. Ruíz Gallardón e co Sr. Rouco Varela dicíndome a min muller, as miñas fillas, mulleres e a tódalas mulleres de Vigo cando, como, e o que teñen que facer, aí non.

Agora voulle pedir coherencia a vostede, eu hoxe a tarde no Consello Municipal vou pedir o apoio á manifestación que vai ter lugar en Madrid o día un febreiro, onde participa o Consello Municipal da Muller, perdón, a Marcha Mundial e a Rede

de Mulleres contra os malos tratos, o Consello Municipal da Muller pertence á Marcha Mundial, forma parte, espero que dimita se é vostede coherente.

Segundo, partidista, dime vostede partidista, subvencións falamos da súa? Onde se emprega vostede así mesma, de que me está falando? Falamos do nomeamento en Paradores do Estado como presidenta da ex-muller do Sr. Rato, falamos do Director Xeral de Paradores amigo e íntimo do Sr. Montoro, falamos da contratación da muller do Director Xeral de FITUR por un 45% máis caro, que é esas mulleres son máis guapas, máis ricas, máis altas, máis todo que as outras mulleres, máis ricas si, máis guapas tamén porque poden facer cirurxías estéticas pero mellores que as outras non.

Xa non lle explico o que estamos facendo na Concellería da Muller porque vostede para saber non sabe nin ler, porque si o lese sabía o que estaba facendo, e si todas e cada unha des asociacións que traballa a prol dos dereitos das mulleres atoparán sempre na Concellería de Igualdade e nesta concelleira o apoio deste Concello, espero que estea recollendo o que estou dicindo, espero que hoxe sexa coherente, porque repito vou apoiar e vou pedir o apoio do Consello Municipal da Muller onde están tódalas asociacións feministas.

Nesa manifestación tamén estaba eu e non vin ningunha agresión, absolutamente ningunha agresión, sabe o que pasa, que eu si que non vou ás manifestacións nas que non creo, a min non me verá vostede xamais detrás dunha pancarta con Sr. Rouco Varela, aí non vou, porque vai vostede a esas manifestacións se non cre nelas? Para que vai se non cre nelas? Lembrese que sempre lles chamo hipócritas políticos, non se pode ser hipócritas. As mulleres de Vigo merecen respecto e parece mentira que sexa precisamente unha muller a que lles está faltando ao respecto.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Imos ver unha cousa Sra. Abelairas, da contratación das mulleres de FITUR non sei moi ben ao que se refire, non quero entrar neste debate porque fálame de determinados postos, de determinada familiar súa no Porto de Vigo e non o quero dicir, entón ímonos abster de facer determinados comentarios. Aquí o que máis fala as veces é o que ten máis que calar, así que estea vostede calada e teña coidado coas cousas que di, que eu a nivel persoal

non lle dixen a vostede absolutamente nada, non nos provoque.

A Concellería de Igualdade si que se converteu nunha concellería totalmente partidista cando non debería ser así, debería estar preocupada polos problemas das viguesas, como é o desemprego, como é a violencia de xénero, a conciliación laboral e familiar, todo ese tipo de cousas que en ningún punto da orde do día do Consello da Muller mirei nunca, hoxe si, “accións contra a reforma da Lei do aborto”, vostedes fomentan que haxa manifestacións, van a pedirllas cartos como fixeron co último mail da Concellería de Igualdade, para adherirse a unha plataforma desas radicais, vinte euros, teño copia, non teñen cartos para a súa manifestación entón piden cartos dende a Concellería, ese é o seu traballo, pedir cartos para as súas plataformas, logo o pasamos aos medios de comunicación por se non o saben.

Sra. Veloso, aquí non vimos a falar de recortes, de leis. Esta moción é para que non se faga propaganda dende a Concellería de Igualdade, que sexa rigorosa e seria. Sra. Veloso, entendo que como non ten argumentos, porque vostedes foron os primeiros, lembro moi ben cando empezamos a acudir ás manifestacións que os primeiros en enarborar bandeiras do Bloque Nacionalista Galego ante unha manifestación contra a violencia de xénero foi vostede, o Partido Popular o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego, a Esquerda Unida, todos debemos estar unidos contra a violencia de xénero. O que facían era entregar panfletos para que a xente se afiliase a Galicia Nova e enarborar bandeiras do Bloque Nacionalista Galego, diga que non Sra. Veloso. Por iso agora non hai esa unión, agora cada un vai polo seu lado organizando os seus actos e móntase a que se monta e a Concellería de Igualdade está como está, así que teñan coidado co que fan e por favor, un pouco de respecto con estes temas que son tan importantes e delicados nos que debemos estar unidos.

PRESIDENCIA: Hoxe neste momento está presidindo este Pleno unha muller, síntome como muller e como presidenta deste Pleno neste momento totalmente avergonzada dunha intervención que é un insulto ao conxunto da mulleres, en particular ás viguesas e aos vigueses, e faino unha muller que hoxe ten demostrado neste Pleno que se sitúa na ultradereita máis ultradereita da dereita

de España, unha muller que non entende nada de política de igualdade, unha muller que insulta gravemente ás mulleres de Vigo e en particular ás concelleiras do Grupo Socialista e do grupo do Bloque Nacionalista Galego. Quero que tódalas viguesas e todos vigueses saiban que si ser extremista e radical é defender os dereitos das mulleres, esta muller que hoxe preside este Pleno neste momento declárase extremista e radical, sempre que unha muller teña cuestionados os seus dereitos haberá unha socialista e tamén, téñoos que recoñecer, unha nacionalista que levante bandeiras de defensa dos seus dereitos. De verdade que hoxe vostede está insultando gravemente ás viguesas, e o sinto moito, pero como presidenta non o podo consentir, realmente vergonzoso.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adoptándose o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, instando retomar o traballo da concellería de Igualdade en prol das necesidades dos vigueses/as, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non se realizaron.

5(15).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO A QUE RECIBA O GOBERNO LOCAL ÁS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O rogo vai dirixido ao Alcalde e a concelleira de Benestar Social, é simplemente que lle pediríamos dende o Bloque Nacionalista Galego, que reciban ás traballadoras/es do servizo de Axuda no Fogar porque nestes momentos están cun problema importante e é que a empresa que xestiona este servizo que ten comprometido xa na propia oferta presentada, que estas traballadoras ían formar parte do convenio galego a partires do 1 de xaneiro, a día de hoxe a empresa negáselles a asinar ese convenio e a introducilas nese convenio galego. Están pasando un problema importante, que pode afectar incluso ao futuro destes traballadores/as e é polo que solicitamos do Alcalde e da concelleira que o antes posible as podan recibir a estes traballadores/as.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo e recibiremos a eses traballadores.

ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, SR. LÓPEZ FONT, RELATIVO A QUE SE TEÑA EN CONTA AO CONCELLO DE VIGO NOS ACTOS DE FITUR DO PRÓXIMO ANO.

SR. LÓPEZ FONT: Trasladar o rogo á Presidencia da Deputación de Pontevedra de que se invite e ter en conta ao Concello de Vigo nos actos de FITUR no próximo ano, dado que nesta ocasión no se dirixiu ningún tipo de invitación, nin se contou co Concello de Vigo a diferenza do resto dos concellos.

PRESIDENCIA: Farase nesa dirección.

6(16).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVO A QUE TIPO DE PROMOCIÓN DE VIGO FIXO O CONCELLEIRO DE TURISMO EN FITUR.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A pregunta é moi clara e sinxela, gustaríanos saber en que consistiu a promoción do concelleiro de Turismo en FITUR, na convocatoria deste ano, se foi a promocionar gastronOMICAMENTE e turisticamente Vigo, se foi para coñecer o turismo e a gastronomía de Madrid, para traer novas aportacións e con quen estivo.

PRESIDENCIA: A súa instancia en Madrid obedecía a razóns persoais, pagadas do seu pecunio, polo tanto con cargo aos seus cartos particulares e si asistiu como concelleiro sen un só euro de custo para este Concello, sen ningún tipo de custe a FITUR.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Non estamos falando de custes.

PRESIDENCIA: Non estamos en quenda de preguntas. Ten a resposta dada.

PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO Á SITUACIÓN DOS NICHOS DO CEMITERIO DE TEIS.

SRA. ALONSO PÉREZ: O 2 de agosto aprobouse en Xunta de Goberno Local a declaración de interese público ás obras de cimentación dos nichos do cemiterio

de Teis, que sofren risco de derrubamento e se recolle que as obras deberían executarse no menor prazo de tempo posible por mor da situación existente dos nichos, que se reflicte nos informes dos técnicos municipais e que afectan a terreos de dominio público municipal. Cando van iniciarse os traballos necesarios para resolver esta situación? Que prazo de execución está previsto?

SRA. LAGO REY: Os nichos son de propiedade privada, vostede o sabe, son de familias, levan 30 anos, ninguén mirou para eles, ninguén pediu informes, pedinnos eu, e eu mandeinos apuntalar por enriba da opinión dos técnicos, que isto quede claro, non se preocuparon nunca nin os privados nin os anteriores gobernos.

Este Goberno xa dixo que se fará cargo da reparación dos nichos en vista da situación precaria que poden sufrir as familias, debido a que hai este elevado desemprego froito das políticas sen dúbida do Partido Popular, cando se aproben os Orzamentos municipais xa está consignado para a reparación. Pero isto xa o dixen máis dunha vez.

PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO A QUE TIPO DE ACTIVIDADES VAISE ORGANIZAR PARA O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu teño dúas preguntas, por unha banda relativa ao día de Rosalía de Castro porque o 27 de febreiro de 2012 aprobouse en Pleno ordinario por unanimidade dos tres grupos municipais a declaración do día 24 de febreiro como “Día de Rosalía de Castro” no Concello de Vigo. Ten o goberno municipal prevista algunha actividade ou acto conmemorativo para esta data?

SR. LÓPEZ FONT: Si, confirmo que se farán actividades con motivo deste día e coñeceranse cando as fagamos públicas.

PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO Á ATRASO NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN.

SRA. VELOSO RÍOS: O 1 de marzo de 2013 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude dunha subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para a contratación de persoal técnico do Servizo de Normalización que foi concedida, e o 27 de setembro, seis meses despois, a Xunta de Goberno Local acorda as bases do proceso selectivo para a contratación laboral-temporal dun/dunha técnico/a superior de normalización lingüística de maneira urxente, isto en setembro, pero a día de hoxe non hai ninguén ocupando ese posto. Pode explicar o concelleiro de Xestión Municipal a que se debe este retraso? Cales son os motivos da enorme lentitude na contratación de persoal para cubrir esta praza? Cando teñen previsto incorporar o/a técnico/a ao Servizo de Normalización?

PRESIDENCIA: Tendo en conta que o regulamento lles permite facer tres preguntas, neste momento xa van por seis, contestaranse a todas.

SR. LÓPEZ FONT: Por Decreto desta concellería de 23 de xaneiro deste ano, a incorporación producírase o 1 de febreiro de 2014, despois dun proceso selectivo totalmente transparente.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.